

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI

Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional

Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40, 36003 Pontevedra
Tel. +34 986 843 436 / +34 600 30 90 66
<https://www.igadi.gal/> / info@igadi.gal



Edición e coordinación: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)

Deseño: BREO.gal

Depósito legal: VG 482-2020

A edición deste libro contou coa colaboración da
Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

- 04 ■ Fiestras abertas**
Valentín García Gómez
- 08 ■ Un compromiso fundacional**
Daniel González Palau
- 12 ■ Parámetros para unha nova xeopolítica**
Ignacio Ramonet
- 18 ■ O galego, un barco para navegar o mundo**
Enrique Sáez Ponte
- 22 ■ Crise global, reestruturación internacional e supervivencia da Humanidade**
Antón Martínez Puñal
- 28 ■ Trump: síntoma dun mundo en crise**
Alfredo Iglesias Diéguez
- 32 ■ De Venus a Jano: a UE nun mundo iliberal**
Miguel Otero Iglesias
- 36 ■ Balance de situación 25 anos despois da Asociación Euro-Mediterránea**
Jesús A. Núñez Villaverde
- 40 ■ Bielorrusia e as reformas inevitables**
Miriam González Francisco
- 46 ■ Galicia perante a Conferencia para o Futuro de Europa**
Serafín Pazos Vidal
- 50 ■ Shadi, refuxiado curdo**
Moncho Iglesias Míguez
- 54 ■ Armenios e kurdos fronte ao novo imperio otomán**
Yashmina Shawki
- 58 ■ O ODS 14 e o avance cara á regulación dos subsidios pesqueiros na OMC**
Carlos Teijo
- 64 ■ Planeta Océano**
María Xosé Porteiro
- 68 ■ O Parlamento Centroamericano: a diplomacia parlamentaria de Centroamérica (1991-2021)**
David Balsa
- 74 ■ A Responsabilidade de Protexer a debate: O caso de Venezuela**
Paula Lamoso González e Stelios Stavridis
- 78 ■ Dos kiwis aos All Blacks**
Emilio Manuel Martínez Rivas
- 84 ■ A pandemia e Trump apuntalan o imparable ascenso de China**
Xavier García
- 90 ■ Xi Jinping na historia chinesa**
Xulio Ríos

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Fiestras abertas

[limiar]

Valentín García Gómez

Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Vivimos nun mundo interconectado. Todo aquilo que de relevo acontece ten ao instante un alcance planetario e non hai nova de importancia que non percorra como un lóstrego as autoestradas da información. A era internetiana multiplica o efecto das novas, viralízaas e fainas chegar aos máis recónditos lugares de cada continente.

Neste contexto faise máis necesario ca nunca ser quen de darnos a coñecer como a célula de universalidade que sempre foi Galicia, unha terra cosmopolita, aberta a outras culturas, outras xentes, outras falas, mais tamén celmosa no froito a ofrecer: a nosa historia, idioma, cultura material e inmaterial e todo aquilo que como pobo nos identifica e que pode, e debe, ser coñecido alén do noso territorio.

Por todas estas razóns, o presente monográfico *O mundo en galego, comprender o global desde aquí* ten de ser aplaudido como valioso banzo nesa escada ascensional da proxección de Galicia por toda parte. Os traballos que nel se recollen, asinados polos máis recoñecidos e prestixiosos analistas, non fan senón confirmar o relevo do tema tratado e a acuidade dos ensaístas no seu estudo.

Como secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia non podo menos que saudar con agrado esta publicación, ao tempo que felicito os responsables do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) pola súa coordinación e os participantes na mesma polas súas importantes contribucións.

En tempos tan complexos coma estes da crise vírica que andamos a atravesar son especialmente de agradecer achegas como *O mundo en galego, comprender o global dende aquí*. Porque só sendo nós seremos quen de ser para os outros. E porque nun mundo autenticamente diverso e plural hai moito e bo que apreciar nos demais e non pouco de valor na casa propia que cómpre dar a coñecer a todas as persoas que desexen saber máis e mellor do que neste Finisterrae temos para lles ofrecer.

Sexan, pois, parabéns pola iniciativa e oxalá tras desta publicación veñan outras do IGADI que continúen a abrírnos fiestras ao mundo dende as que ollar e convidar a que nos ollen. ■



**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Un compromiso fundacional

[limiar]

Daniel González Palau

Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional

O compromiso coa lingua galega é un trazo fundacional do IGADI que vivenciei desde o primeiro día que entrei pola porta do IGADI na sede histórica de Baiona no ano 2009. O motivo dese empeño do IGADI, de 29 anos xa (1991-2020), ten dúas razóns esenciais. Primeiro, se o galego é a nosa lingua e un dos propósitos do IGADI é sensibilizar á nosa sociedade na transcendencia dos asuntos globais para desenvolver ideas e proxectos acordados cos nosos intereses exteriores, iso, por coherencia, débese facer na lingua propia. Segundo, porque se o IGADI ambiciona proxectar a Galicia no exterior debe facelo a partires de si propio, coa súa identidade xenuína, e iso, tamén, fai que só teña sentido partindo do galego e defendendo ao tempo que ese empeño non é excluínte con outras perspectivas, complementares e multiplicadoras, reafirmando a plenitude do noso compromiso, así como coa diversidade lingüística, coa vantaxe comparativa a todos os niveis da natureza internacional do galego na conexión co portugués.

Algo tan natural e de respecto non é sempre doado de facer comprender. Por estraño que pareza, segue habendo quen pensa, sobre todo entre nós, que hai ámbitos nos que o uso do galego é unha excentricidade que carece de sentido. No Foro de La Toja non tivemos ningunha sorte neste sentido. A política internacional é cousa seria e debe abordarse só dende as “grandes linguas” porque, a fin de contas, o galego desmerece. Xa se sabe, os grandes temas, dende a economía á tecnoloxía, poñamos por caso, non deben mesturarse cos pasatempos menores da literatura e afíns.

Un intelectual como Plácido Castro, tamén no ADN do IGADI, cultivado dende moi novo no Reino Unido, cunha ampla formación que tantos quixeran para si na súa época e aínda hoxe, dicía con razón que “quen valore os idiomas segundo a súa difusión ou a súa utilidade práctica pensa cun criterio de emigrante”. El, que acabaría dando clases de inglés no Instituto Laboral de Vilagarcía de Arousa de regreso do Londres da BBC onde penaba exilio en cumprimento da condena imposta tralo fin da guerra in-civil pola súa militancia galeguista, comprendía –e aplicaba– con toda naturalidade a coexistencia lingüística: cantas máis mellor, pero a nosa, a única verdadeiramente nosa, é a que é.

Nese esquema autocentrado de relacionarse co planeta e desde os principios orixinarios do pensamento exterior galeguista que Plácido Castro definiu nos anos 20-30 do S.XX, a conexión coa lusofonía fai parte tamén dos piares do noso proxecto internacional, moito antes da entrada de Galicia na UE e a facilidade de saltar *a raia*, ou a chegada de internet e a aproximación lingüística vivencial que trouxo a Galicia, por medio de internet e o acceso masivo a produtos culturais en lingua portuguesa con facilidade... Na vida do IGADI a aposta estratéxica defendida no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade de creación de vínculos de cooperación cos países de lingua portuguesa desde os comezos do S.XX, é paradigmática dese reflexo no noso actuar internacional.

O IGADI sempre quixo demostrar tamén que é posible facer análise sobre temas internacionais na nosa lingua. E aí están miles de artigos, informes anuais, unha revista de estudos internacionais como “Tempo exterior”, etcétera. A pesar de ter tropezado moitas veces coa obstinación de quen non vía oportuna a utilización da nosa lingua para abordar esta temática, as mesmas análises podían ser publicadas noutras linguas en medios peninsulares ou internacionais sen a máis mínima obxección, recoñecéndose a súa competencia e calidade. En galego tamén podería ser, se todos quixeramos.

Polos méritos contraídos neste aspecto, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, agasallou ao IGADI co seu premio anual en 2001, recoñecendo o esforzo de toda unha década neste propósito. Dende entón, o IGADI mantivo invariable o seu compromiso, a sabendas de que este é un labor no que cómpre perseverar. Confiemos en que o tempo, a pedagogía e a mellora da nosa autoestima acaben por dar os froitos esperados.

Quixera agradecer por último especialmente a todas as persoas que colaboraron na edición desta publicación a súa participación, só eles e elas saben o importante que é sermos capaces de traballar en rede nestes tempos de pandemia... Da mesma maneira, cómprenos agradecer especialmente á Secretaría Xeral de Política Lingüística o seu apoio á idea e á realización da publicación, así como o seu acompañamento nos últimos anos. A todas e todos moitas grazas, muito obrigado, thank you, xie xie. ■



O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Parámetros para unha nova xeopolítica

Ignacio Ramonet

Director de "Le Monde diplomatique en español"

Nestes 25 anos, o mundo cambiou moito. A xeopolítica das grandes potencias estivo case inmovilizada durante medio século, durante o que se chamou a “guerra fría”, entre o final da Segunda Guerra Mundial (1945) e o derrube da Unión Soviética (1991)... Pero nestas últimas dúas décadas e media, a historia volveuse a poñer en marcha, e o mundo móvese cara a unha dirección descoñecida...

Por outra banda, e como sempre cando se desvanecen as certezas, están xurdindo novos temores... Ao razoamento lóxico sucede o pensamento máxico... Antes daquela afirmación de Gramsci: *“Morre o vello mundo, o novo tarda en aparecer, e nese claroscuro xorden os monstros”*, xa nos avisara Goya: *“O soño da razón produce monstros”* E unha vez máis, nestes tempos confusos, aparecen algúns ilusionistas facendo crer que todo se podería resolver cunha variña máxica que sinala ao “eterno culpable” dos nosos tormentos: o estraño estranxeiro... Onte xudeu ou xitano, hoxe inmigrante ou musulmán... O racismo e a xenofobia ancestrais como solución elemental a complexos problemas contemporáneos... ¡Que miseria! Pero en efecto, en toda Europa están rexurdindo as extremas dereitas e os movementos abertamente racistas, antisemitas e islamófobos... É lexítimo que nos preguntemos se a historia repetirase, esta vez como farsa... A nosa análise é que o novo mundo enfrenta, ademais da pandemia de Covid-19, tres crises globais que ameazan radicalmente o futuro da humanidade: 1) o cambio climático; 2) as migracións masivas; e 3) os efectos non controlados das novas tecnoloxías.

Sobre o cambio climático non nos estenderemos porque xa é unha evidencia para moitos cidadáns... En canto ás migracións, dende as épocas bíblicas, nunca foran tan masivas... Ás veces en relación precisamente coa crise climática... Millóns de persoas estanse movendo do Sur cara ao Norte para afastarse da desertificación, da destrución das colleitas, das crises hídricas, da elevación do nivel do mar... Pero tamén da miseria, das discriminacións, da desigualdade, da violencia machista, da falta de oportunidades, do paro, da carencia de liberdades, da escaseza de vivenda, dos conflitos violentos... E estas migracións, cando alcanzan as fronteiras do mundo desenvolvido constitúen unha das causas da subida da extrema dereita, dos partidos xenófobos e dos populismos de dereita que ameazan a democracia...

E con respecto ao terceiro fenómeno, os efectos non controlados das novas tecnoloxías, resulta evidente que moitos parámetros do mundo están sendo modificados pola irrupción dos cambios tecnolóxicos... Non só en termos de comunicación co que significan as redes sociais por exemplo, senón tamén nas finanzas, o comercio, o transporte, o turismo, o coñecemento, a cultura... E sobre todo en termos de vixilancia e de perda de privacidade... A pandemia de Covid-19 acelerou este proceso.

O Internet moderno, a Web, inventouse en 1989, fai trinta e un anos... Ou sexa que estamos vivindo os primeiros minutos de Internet que chegou para quedarse moitos séculos... Algunhas empresas privadas (Google, Apple, Facebook, Amazon, etc.) saben máis sobre a nosa identidade que nós mesmos... E nos próximos anos, coa intelixencia artificial e os avances da tecnoloxía 5G, os algoritmos van determinar máis que nosa propia vontade o curso das nosas vidas...

Que ninguén pense que cambios tan determinantes na comunicación non van ter consecuencias na organización mesma das sociedades e na súa estrutura tal como as coñecemos ata agora... O futuro é moi longo e os cambios determinantes apenas acaban de empezar... No mundo que vén a nosa privacidade está moi ameazada; estaremos máis vixiados que nunca, mediante a biometría ou as cámaras de videoprotección, moito máis do que imaginou o mismísimo Orwell na súa distopía “1984”... Pero ademais, a robótica, os drons e a intelixencia artificial ameazan con crear un universo do que o ser humano podería acabar sendo expulsado... Sen falar da morte da verdade en materia de información, substituída polas “fake news”, a posverdade ou as “verdades alternativas”... Neste aspecto, o futuro podería achegarse máis rápido do que pensamos ao noso pasado máis aterrador...

En xeopolítica como na vida, cada solución crea un novo problema... É a trágica condición humana... Os gregos ilustrábanos co mito de Sísifo, condenado a empuxar unha enorme roca ata o alto dunha montaña; pero unha vez alcanzado o cume, a roca escapábaselle das mans e precipitábase de novo ata o pé do monte... E Sísifo tiña que volver subila á cima, onde se lle volvía a escoregar... E así ata o fin da eternidade...

A revolución dixital permitiu, tecnicamente, a democratización da comunicación... Pero hoxe esa “democratización” provoca unha proliferación incontrolada das comunicacións... E ese ruído enordecedor das redes sociais, é precisamente o que constitúe o novo problema...

Por outra banda, nas nosas sociedades democráticas, desenvolvidas e consumistas, e que son tamén -en principio- estados de dereito, os cidadáns reclaman *respecto*. Desexan ser respectados calquera que sexan as súas singularidades identitarias (xénero, nome, cor de pel, relixión, orixe social, nacionalidade, etc.). É un cambio *político* fundamental. Porque hoxe a *identidade política* non a confire tanto a pertenza a un partido político clásico (esquerda, dereita, centro) ou a unha clase social determinada (burguesía, proletariado), senón a *adhesión a unha causa* (feminismo, ecoloxismo, soberanismo, loita LGTB, defensa dos inmigrantes, dos indíxenas, animalismo, defensa da privacidade, etc.) que pode ser puntual e tamén plural (pódense defender varias causas á vez).

A “gran rebelión mundial” que coñecemos no segundo semestre de 2019 e que atravesou como un tifón unha gran parte do planeta, desde Hong Kong ata Chile pasando por India, Irán, Iraq, Líbano, Alxeria, Francia, España, Porto Rico, Costa Rica, Colombia, Panamá, Ecuador, Bolivia, etc. recórdanos outras explosións semellantes ocorridas en varios momentos da historia... Por exemplo, a que se produciu en 1848 cando estalou en Europa aquilo que Marx chamou a “*Primavera dos pobos*”; ou, a finais dos anos 1960, as revoltas dos estudantes en California, Italia, Alemaña e o “maio do 68” francés; ou, máis preto de nós, a “primavera árabe” de 2011 e, en España e outros países, os “indignados”...

Esta vez, en 2019, con grandes diferenzas entre todos eses Estados, o espertar das sociedades prodúcese -sobre todo- en países democráticos (ou digamos onde hai eleccións regularmente) e ás veces ricos (Hong Kong, Francia, Cataluña...) ou polo menos con crecemento económico (Chile, Panamá, Colombia, Líbano...). Non son (en maioría) ditaduras, nin países brutalmente empobrecidos... Logo trátase menos dunha demanda cuantitativa de liberdade ou de democracia que dun pedido *cualitativo* de liberdade e de democracia... E está liderado, a escala internacional, polos mozos e sobre todo polas mulleres... É quizais a primeira protesta mundial cun protagonismo tan marcado polas mulleres e os movementos feministas... O cal confirma, dito sexa de paso, que a reivindicación feminista é central na conflitividade social contemporánea.

Pero tamén debemos ver esta gran rebelión como unha reacción mundial contra a *globalización neoliberal* e os seus efectos de sufrimento social... En particular contra as desigualdades creadas polo neoliberalismo... E contra esa *competencia xeral* entre individuos que impón a tiranía do mercado. Poderíamos dicir que é a primeira *gran revolta global* contra o fenómeno da globalización que cumpre agora 40 anos... Estamos sen dúbida nun final de ciclo do neoliberalismo porque xa non só é criticado polas esquerdas senón tamén agora as propias dereitas.

Unha toma de conciencia estase producindo, a escala internacional, ante o fenómeno que representan as relacións entre a clase política e a clase financeira, que poñen en perigo a autonomía da acción política. Ese fenómeno xa Marx denunciouno no século XIX. Esa alianza entre os empresarios industriais e os banqueiros cos políticos constitúe unha característica esencial do capitalismo tanto industrial como financeiro. E unha garantía para a clase dominante de que nin a democracia nin o dereito de voto de todos os cidadáns arrebataranlle o control da sociedade.

Poderíamos engadir que, a miúdo, banqueiros, empresarios e políticos son propietarios dos principais medios dominantes (tanto privados como públicos) cos cales consolidan a súa influencia nos corazóns e as mentes dos cidadáns... Reforzando así a domesticación da sociedade...

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

O galego, un barco para navegar o mundo

Enrique Sáez Ponte

Economista, escritor e presidente da Fundación Juana de Vega

Nos duros tempos dos dous últimos séculos moitos galegos tiveron que emigrar, baleirando o espazo rural que non podía manter toda a poboación que tiña. Espalláronse por América e despois por Europa. Na diáspora americana confluíron con españois doutras zonas; agás no caso do Brasil, onde case toda a emigración española procede da Galiza, porque adaptámonos cedo a un país cuxo idioma é moi parecido ao noso.

En canto se manexan algunhas diferenza léxicas e o ouvido afáise ao acento da zona, o galego permite comunicarse con normalidade nos países de fala portuguesa. Comprobeino cando viaxei ao Brasil como directivo do Banco Pastor. Tocoume tamén ser responsábel dos negocios do Banco en Portugal, que tiñan base no Porto, onde o galego servíume de apoio para traballar no idioma local. Unha experiencia compartida por moitos dos nosos paisanos que traballan en espazos lusófonos.

Os falantes en galego e portugués teñen facilidade natural para a comunicación oral, por riba de diferenzas ortográficas e da influencia de procesos da evolución de linguas que comezaron a afastarse a principios do século XV. Como nolo explica Fernando Venâncio nun traballo recente (*Assim nasceu uma língua*).

A afinidade entre o galego e o portugués é unha oportunidade estratéxica que compre aproveitar mellor. Mergullados nun Estado no que existe unha clara divisoria entre a lingua común e as demais, ese obxectivo non é doado. Todo está programado para que o castelán ou español sexa considerada a única lingua útil para andarmos polo mundo. Daquela, a moitos, mesmo aquí, éelles difícil admitir que o noso idioma ten proxección exterior.

Os que observamos a evolución do país desde o plano económico, tentando usar a visión aberta que aprendemos de Alfonso Castelao, Plácido Castro, Valentín Paz Andrade e outros que nos precederon, comprobamos que o proceso de apertura exterior que supuxo a entrada na Unión Europea foi moi bo para esta Terra. Despois de séculos confinados nunha España pechada, onde somos periféricos, a integración no espazo europeo veunos moi ben. Axudounos decisivamente a abandonar o pelotón de cola das comunidades autónomas máis atrasadas e aspirar a formar parte do norte desenvolvido, ao que pertencemos de xeito natural.

Foi fundamental a recuperación da conexión co sur, con esa fachada atlántica da que somos parte, coa que volvemos ter unha fluída relación económica, ao compartirmos un espazo europeo sen fronteiras, e da que obtemos un saldo comercial moi favorábel. Témolos que agradecer á UE, que tamén financiou a autovía que conecta o eixo de cidades costeiras. Só se bota en falta un camiño de ferro propio do século XXI que xa entra nas prioridades de investimento de Lisboa, pero, ao parecer, aínda non nas de Madrid.

O desafío máis importante, en termos estratéxicos, que Galiza ten diante é desenvolver un sistema educativo que promova que os estudantes galegos se acheguen ao coñecemento do portugués -300 millóns de falantes nos 5 continentes - desde a súa propia lingua. É a maior e máis barata oportunidade de desenvolvemento coa que contamos: converternos no único espazo do mundo no que se falan simultaneamente as dúas grandes linguas de América Latina. Un bilingüismo que ademais dotará aos nenos e nenas galegos de flexibilidade mental para seren eficaces tamén na aprendizaxe doutras linguas.

Xa teño escrito algo sobre isto no informe anual do IGADI (Nós no mundo) do 2017, pero non avanzamos, máis ben ao contrario. Compre insistir sobre a grave irresponsabilidade que supón desaproveitarmos o activo de relación internacional que ofrece a lingua que partillamos, no esencial, con tanta xente.

O principal obstáculo son os límites mentais que impón un Estado xestionado en español. A súa visión contáxianos sen darnos conta. A Lei Valentín Paz Andrade, aprobada no Parlamento de Galiza por unanimidade no 2014, debería ter sido o instrumento para aproveitar as vantaxes ás que me refería antes. Pero a norma ten unha eiva fundamental que non lle permite acadar os seus obxectivos. Establece (art.2) que a Xunta promoverá o estudo do portugués no ámbito das competencias en linguas estranxeiras. Ese artigo desactiva a eficacia da lei para acadar os seus obxectivos.

Estanse aumentando os profesores de portugués nos centros de ensino pero os alumnos apúntanse pouco, moito menos que , por exemplo, na Estremadura, unha rexión que, con bo criterio, promove o estudo dunha lingua veciña moi importante. É normal, a xente ten máis sentidiño que os políticos. Para os estremeños o portugués é lingua estranxeira, pero as nosas mozas e mozos resistense a perder catro ou cinco anos estudándoo, como se fora alemán ou ruso, porque saben que poden manexalo, máis ou menos ben, en poucas semanas.

Na Galiza, o portugués é unha lingua semipropia que non encaixa en ríxidos moldes legais, burocráticos e corporativos, lexitimamente ocupados en defenderen postos de traballo e horas lectivas en tal ou cal materia. Somos un país con moita historia, que non é quen de establecer unha nova posición exterior proxectando a súa cultura cara un mundo cada vez máis interconectado. Temos diante, desde sempre, un camiño doado para reforzar o noso peso internacional e sermos máis competitivos. Falta liderado e imaxinación, sobran falar barato e cortidume de miras.

E compre argumentar, ademais, que a proxección internacional do galego, a través da súa conexión co portugués, tamén sería moi proveitosa para reforzar o papel de España no mundo. Se os seus dirixentes fosen capaces de superar o proceso seguido desde “a escorialización, coa súa secuela de escuridade e o seu eixo de Madrid, hipertrofiado e antimarítimo”, Valentín Paz-Andrade *dixit*.

**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ



Crise global, reestruturación interna- cional e supervivencia da Humanidade

Antón Martínez Puñal

Profesor *Ad Honorem* da Universidade de Santiago de Compostela e
Profesor Distinguido da Universidade de San Marcos de Lima, Perú

A institucionalidade internacional que debería de pilotar a globalización, máis aló dalgunha proposta fragmentaria, fai auga por todas as beiras, deixando á deriva, pese ao crecemento do comercio mundial e dos incontábeis avances nas telecomunicacións, a solución dos graves problemas presentados por aquela. Fai xa bastantes anos, nun Seminario Internacional da UNESCO, citabamos unha serie de inconvenientes, agora acrecentados, tales como: a) a destrución do medio físico; b) a debilidade en continua medranza dos Estados e un desequilibrio económico progresivo entre eles que sitúa a moitos nunha pobreza ascendente e, asemade, de diferenzas dentro deles en canto aos seus territorios e poboacións; c) o aumento demográfico incontrolado nos países con menos medios en saúde e infraestruturas educativas; d) o crecemento urbano catastrófico; e) a deslocalización, a destrución de emprego e o aumento constante dos marxinados; f) o non parar das migracións; g) o incremento da débeda externa, os fluxos financeiros irregulares, o narcotráfico, a criminalidade internacional, os conflitos armados, o terrorismo, os refuxiados e desprazados internos, a discriminación cultural e, en xeral, acó, aló e acolá, unha realidade de inxustiza, ingobernabilidade reveladora dunha grave desprotección dos dereitos humanos.

As consecuencias dunha globalización descontrolada radicalmente liberal, foron vistas axiña por algúns expertos internacionais. Así, xa no 1986, Modesto Seara Vázquez falaba dunha sociedade internacional en estado de *crise global*, en razón das súas compoñentes política, ideolóxica, económica, ecolóxica e medioambiental, crise aprofundada significativamente pola pandemia do actual Covid-19. A crise medioambiental, coas súas expoñentes de deforestación, desertificación, dispersión dos residuos, quecemento climático, etc. parécenos o máis grave desa crise global, dado que ninguén poderá librarse das súas consecuencias mortais se non se lle pon remedio. A natureza, convén non esquecerlo, pode vivir sen a nosa molesta presenza. Nós necesitamos da natureza.

Os nefastos resultados económicos da globalización están ben á vista: por unha banda, vemos que a concentración das riquezas aumentou no mundo dun xeito altamente alarmante en favor dos países desenvolvidos e, dentro destes, dunha clase moi minoritaria que nutre a súa opulencia nun marco de relacións económicas Norte-Sur tremendamente inxusto; así mesmo, asistimos á lenta pero persistente proletarización das clases medias dos países do Norte, que asisten impasíbeis ao desmantelamento perseverante de canto soe a política social.

Embarrancados nunha globalización cunha clara supeditación da política á economía capitalista e aos mercados, recalcaremos os efectos negativos, continuamente en aumento, da crise que estamos a vivir, a cal está a poñer en serios riscos a supervivencia da Humanidade. Ante este panorama, xulgamos inevitábel a adopción dunha reestruturación internacional político-institucional que asegure a continuidade da Humanidade. Sen esa reestruturación, programas como a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostíbel e outros, que poida adoptar a ONU, non pasarán dalgún que outro logro exiguo.

Nun contexto tan crítico como o actual, resulta, xa que logo, imprescindible executarmos accións tendentes á consecución dunha *Nova Orde Xurídica, Política e Socioeconómica Mundial*, cun marco de garantías democrático que posibilite unha adecuada cohesión entre os intereses universais e os intereses dos Estados e das súas colectividades, procedéndose: a) á reforma da ONU e dos seus organismos especializados --ou mesmo á creación dunha nova ONU-- cun desenvolvemento manifesto dos seus poderes normativos, executivos e xudiciais --e un papel máis destacado do Dereito Internacional-- ; b) ao reforzamento, *ad intra* e *ad extra*, das claves sociais dos Estados ---coas reformas constitucionais políticas e económicas pertinentes-- e, finalmente; c) á universalización dos procesos de integración rexional e da súa interasociación, tamén cun maior pulo do social, como instrumentos regrados de contrapoder da globalización.

Non queremos unha rexionalización domesticada. Para terminarmos este catálogo de actuacións para a conservación da Humanidade, reincidiremos no papel da integración rexional. En efecto, os procesos de integración rexional deben superar os momentos de indecisión política nos que se atopan decote os seus Estados membros. Un Estado comprometido cun proceso de integración, entre outros beneficios, está máis apto para participar no proceso de globalización, gañando forza nas negociacións internacionais, acadando unha maior competitividade e ampliando os seus mercados de consumidores e provedores. En definitiva: Quen rexionaliza globaliza mellor.

O rexionalismo non ten por que ser un fenómeno antagónico da globalización; ora ben, a integración rexional debería servir como un mecanismo modulador da globalización salvaxe que estamos a sufrir, pasando a funcionar, para iso, como un instrumento civilizador de aquela, non actuando, como sucede ás veces, como pouco máis que unha panca de harmonización normativa facilitadora dos intereses das empresas multinacionais.

A modo de conclusión, subliñaremos que resulta preciso o concurso dinámico dunha sociedade civil internacional comprometida coa defensa e o disfrute reais dos dereitos humanos políticos, económicos e sociais, que empurre cara a unha revitalización do papel dos Estados, da ONU e dos devanditos procesos de integración. Sen tal concurso, os presaxios referentes ao porvir a medio prazo da Humanidade resultarán aínda máis preocupantes.

Quizais as ideas expostas parezan un tanto ensoñadoras. Evidentemente, son precisas grandes doses de vontade política por parte de todos os actores sociais e suxeitos xurídicos implicados. Para nós, *si ou si* hai que intentar articular para a Humanidade unha realidade que, cun fondo senso social, acabe coa alarmante explotación medioambiental actual e cunha miseria moral e económica que permite que as 62 persoas máis ricas do mundo gocen dunha fortuna equivalente a máis da que teñen 3.800 millóns de persoas, a metade da poboación mundial máis pobre da Humanidade.

Para nós resulta ben patente que a opción intelixente consiste en construírmos para a Humanidade un futuro libre de miseria económica e explotación ecolóxica. Precisamos poñernos a iso sen demoras amparadas en falsas xustificacións. Con base nos principios de liberdade, igualdade, fraternidade, solidariedade, desenvolvemento, tolerancia, respecto da natureza e responsabilidade común, «valores fundamentais» considerados pola Declaración do Milenio como «esenciais para as relacións internacionais no século XXI», co debido respecto ás subsidiariedades subestatais e estatais, hai que construír con urxencia para unha Humanidade, xa en perigo, un novo escenario global de valores --sistema conviencial equilibrado, diría Carlos Mella-- máis preocupado polo obxectivo da persistencia humana que pola mera procura dun desapiadado e inmisericorde beneficio económico.

Sería posíbel a permanencia da Humanidade con unha humanización do capitalismo ou haberá que avanzar eminentemente dentro dos parámetros dun socialismo democrático? Para bastantes, como Frei Betto, resulta totalmente inxenuo querer humanizar o capitalismo. O tempo, se o hai, trágurá a resposta...

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Trump: síntoma dun mundo en crise

Alfredo Iglesias Diéguez

Doutor en Historia e profesor, discípulo de José Gibert.
Colaborador do Faro das Culturas (FV) e de Rebellion.org

O mundo está en crise. Porén, a súa orixe non está na actual pandemia da Covid-19; nin sequera na quebra de Lehman Brothers no ano 2008, como consecuencia da crise dos créditos *subprime*. A crise vén de máis atrás. Efectivamente, de acordo co economista marxista Michael Roberts, que analizou a evolución da taxa de ganancia dende 1869, a crise comezou na volta de 1965-1968, momento dende o que a taxa de ganancia retrocede anualmente -agás nun efémero interludio de 'recuperación neoliberal' entre os anos 1983 e 1998-.

Ao longo destes 55 anos, pasaron moitas cousas, que se poden secuenciar do seguinte xeito: primeiro, os capitalistas buscaron reducir os salarios e os custos laborais, polo que houbo que reducir a capacidade de negociación dos sindicatos e defender un estado feble, velaí os anos da 'recuperación neoliberal', sobre as costas da clase traballadora; segundo, unha vez que esa recuperación se mostrou ficticia e no momento en que o capital 'produtivo' deixou de ser rendible, os capitais atoparon outros sectores nos que obter maiores beneficios: no capital financeiro, mediante o endebedamento das familias, as empresas e os estados, e no capital da 'vixilancia', mediante a conversión das persoas en mercancías -xa non é a nosa forza de traballo a mercancía, somos nós-.

Pode unha transformación tan profunda da base económica das nosas sociedades non ter unha expresión política? Obviamente non.

Se botamos unha ollada ao mundo na volta dos anos 60 e 70, podemos advertir unha pulsión transformadora no seo das sociedades: revoltas estudantís, mobilizacións obreiras, triunfo de Allende en Chile e da revolución dos Cravos en Portugal e da revolución sandinista na Nicaragua de 1979... Obviamente, as clases dominantes non podían permanecer indiferentes e reaccionaron axiña: golpe de Estado de Pinochet en Chile, transición pactada en España... Finalmente, logo do escuro desastre que supuxo a quebra da Unión Soviética -como a definiu Alain Badiou-, semellaba que xa non había alternativa... e así se comportou o mundo, sendo moitos os intelectuais que agoiraron a fin da Historia.

Porén, os parias da Terra, xs desposuídxs de toda condición -os ninguén, dicía Galeano-, mostraron que fronte unha década perdida -os anos 90 de América Latina- existía unha alternativa: velaí está o levantamento zapatista de 1994 e os triunfos de Chávez, de Lula, de Kirchner, de Evo Morales... e outras expresións do mundo indignado: primaveras árabes, movemento 15M, Syriza... Ora ben, o capital e os seus brazos armados despregaron de novo toda a súa capacidade de combate: principalmente os golpes brandos -Honduras...- ou non tan brandos -lembrems Bolivia- e o *lawfare* e as *fake news* -que demostraron ser un elemento decisivo no triunfo electoral de Bolsonaro, tralo *impeachment* de Dilma Rousseff e a inhabilitación de Lula-; alén das xa vellas tácticas das 'revolucións de cores', que no mundo árabe remataron en cruentas guerras -como sempre para satisfacer os intereses de Occidente- e na vella Europa no sometemento dos gobernos alternativos ao ditado dos 'homes de negro'.

Obviamente, na tradicional esfera de influencia dos EUA, o seu 'patio traseiro', as cousas están a volver ao rego: malia algún sobresalto -triunfo de Alberto Fernández na Arxentina e de AMLO en México, estreitamente vinculado ao veciño do Norte, polo que non é unha gran ameaza- e a obstinada resistencia de Maduro -malia Guaidó...- e Cuba -e mais unha Nicaragua á deriva-. E no resto do mundo? Rusia sobreveu á desintegración da URSS -con todo o que supuxo de perda de poboación, recursos naturais...- e é un actor a ter en conta nun escenario multipolar. China é unha potencia. Europa, unida, é unha vella potencia que aínda pode ter moito que dicir nun mundo multipolar, desintegrada sería un actor en decadencia. Certamente existen outras potencias rexionais: India, Turquía, Irán...

'Trump como síntoma dun mundo en crise' pretende ser un enunciado que expresa o esgotamento do modelo de desenvolvemento do capitalismo nesta fase senil, como a caracterizou Samir Amin.

A crise, expresada na caída da taxa de ganancia do capital, comeza a producir monstros perigosos: Trump nos EUA, Modi na India, Bolsonaro no Brasil, aos que se poden sumar Erdogan, Orban... Obviamente, non se trata de que as persoas sexan monstruosas; é un monstro o que representan: a crise da democracia.

Efectivamente, a perda de confianza nas institucións políticas que nos representan -'todxs son iguais'...-, a incapacidade de dialogar co contrario -un dos efectos colaterais da infantilización do pensamento político a través das redes sociais, nas que antes que argumentos empregamos 'likes'-, o aumento do odio e da incapacidade de recoñecer no contrario a un igual -consecuencia do anterior-, o rexurdimento dos trazos 'nacionais' e das relixións como elementos de identidade con expresión política -en detrimento dunha cidadanía liberada de ataduras identitarias-, que levan ao auxe da extrema dereita en todo o mundo..., constitúe unha grave ameaza para a democracia. Non en van a historia nos ensina que democracia e capitalismo son compatibles unicamente cando as elites económicas son débiles ante un pobo organizado e consciente dos seus dereitos.

É certo, a crise tamén produce outros monstros: a destrución ecolóxica da Terra, o obsceno incremento das desigualdades sociais, a trata de persoas... Porén, se non recuperamos a democracia, a razón democrática que nos fixo soñar cun mundo de liberdade, igualdade e fraternidade..., un mundo de iguais na diferenza, un mundo no que a verdade e a ciencia nos faga libres na igualdade, un mundo no que a beldade nos irmande na igualdade..., teremos un mundo no que, como sinalaba Margaret Thatcher, non haberá alternativa, non haberá futuro.

**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

De Venus a Jano: a UE nun mundo iliberal

Miguel Otero Iglesias

Investigador Principal do Real Instituto Elcano

Os vinte anos de hiperglobalización que se deron dende 1989, coa caída do Muro de Berlín, ata 2008, coa caída de Lehman Brothers, foron relativamente bos para a Unión Europea. É certo que, en 2005, os franceses e os holandeses votaron en contra da Constitución Europea, e iso foi un duro golpe para as ambicións federalistas, pero esas dúas décadas consolidaron o mercado interior, trouxeron a moeda única e a ampliación ao Leste. Europa volvía estar unida e vía con optimismo o futuro. Autores como Mark Leonard ata se atrevían a escribir libros que anunciaban *Por que Europa vai dominar o Século XXI* e moitos analistas describían ao Vello Continente como Venus, deusa do amor, a beleza e o amor, fronte aos Estados Unidos, que eran Marte, deus da guerra, a virilidade masculina e a violencia, e que se empantanaran na Guerra de Iraq. A sensación era que Europa era postmoderna, mentres que os EUA e China e Rusia quedáranse no século XIX.

Hoxe, en 2020, esta sensación de superioridade moral europea aínda persiste. A orde liberal internacional, que tanto beneficiara á UE, estase derrubando e a culpa téñena os “bárbaros” de fóra. O neo-nativismo do Reino Unido, o neo-proteccionismo dos EUA e o neo-nacionalismo da China (Turquía, a India, Brasil e un longo etc.) son os grandes culpables desta tendencia iliberal, mentres que a bela Venus atópase incrédula e desamparada. Nun mundo neo-hobbesiano de carnívoros, unha Unión Europea, que desde o seu nacemento é herbívora, vese moi vulnerable. Pero esta é unha narrativa falsa. A Unión Europea ten a mesma responsabilidade, ou ata máis que outros países, de que hoxe amplas capas das nosas sociedades occidentais opóñanse á globalización. É moi común botarlle a culpa das desigualdades e tensións sociais que vivimos dende a crise global de 2008 (e que ameazan con agravarse coa pandemia do Covid-19) ao Consenso de Washington e á Escola de Chicago, pero tamén houbo unha Escola de Bruxelas cega pola súa fe nas bondades do mercado.

Durante décadas promulgouse o libre comercio, a libre competencia, a desregulamentación financeira e as privatizacións, e rexeitouse a política industrial, a visión estratéxica e a política distributiva. Europa (ou máis ben a súa elite) namorouse tanto do mercado e de facer negocios que descoidou a xeopolítica e a política social. As razóns son múltiples. A integración europea forxouse en reducir o poder dos monopolios nacionais e para iso había que eliminar as axudas públicas, Alemaña, como potencia reticente, nunca se preocupou polo estratéxico e sempre viu nos mercados un mecanismo de disciplina para o sur (a xestión da crise do euro é o último exemplo); Francia, que si ten visión estratéxica, estivo durante moito tempo moi ensimesmada e en xeral as comunidades epistémicas europeas centradas na economía (o libre comercio e os mercados fi-

nanceiros) e as relacións internacionais (a política exterior e de seguridade) traballan de costas. Non se falaban. E o peor é que falaban pouco cos de abaixo, que cada vez o estaban pasando peor.

Todo isto levou a erros estratéxicos importantes. A Unión Europea chegou a ser tan naif que un día descubriu que políticos iliberais como Le Pen, Salvini ou Wilders estaban asaltando as portas do poder, que Bruxelas impulsara a privatización de pezas estratéxicas como a rede eléctrica de Portugal e o porto do Pireo en Grecia a empresas “públicas” chinesas, que una das empresas de robótica máis potentes de Alemaña como Kuka caera tamén en mans chinesas e que Europa non tiña ningunha empresa dixital entre as vinte primeiras do mundo. A dependencia é tal que practicamente todos os datos da banca europea están en “nubes dixitais” de empresas estadounidenses. Isto levou a Klaus Regling, director xeral do Mecanismo Europeo de Estabilidade (MEDE) a preguntarse: de que serve ter leis de protección de datos europeas, se eses datos, nun contexto de crecente rivalidade xeopolítica, están situados fisicamente en almacéns de países terceiros. É por todo isto que en Europa se fala cada vez máis de soberanía económica e autonomía estratéxica. Por fin Bruxelas, e sobre todo Berlín, espertaron e agora temos unha “Comisión Xeopolítica” liderada por unha alemá, Ursula von der Leyen. Unha simbiose franco-alemá, que se conseguiu grazas á vitalidade de Macron e a responsabilidade de Merkel. Só hai que ler o manifesto a favor dunha política industrial europea dos ministros de economía e a declaración histórica dos dous líderes a favor de emitir débeda conxunta que levou ao fondo de recuperación *Next Generation EU*.

Venus espertouse, pois. Pero Venus tense que converter en Jano, deus das portas, os portais e as transicións. Europa tense que manter aberta, e non caer no proteccionismo e nativismo, pero tamén saber cando ten que pechar as portas. Isto vale para o investimento estranxeiro, pero tamén para os inmigrantes. Europa tamén ten que saber manexar a transición cara a unha sociedade máis verde, dixital e inclusiva. Con portais de entrada para todos, e iso quere dicir establecer un contrato social que restableza o ascensor social que leva roto varias décadas. E Europa, como Jano, ten que mirar para Occidente e para Oriente. Non deixarse arrastrar pola rivalidade xeopolítica entre os EUA e China e lograr a súa independencia. Para iso, como Jano, tamén ten que aprender dos erros do pasado, para poder ter un mellor futuro. Finalmente, Jano, é o deus que protexe o estado. A Unión Europea, ata na súa visión máis federalista, necesita estados fortes e cohesionados. Se non, a propia Unión será débil. Pero tamén é verdade que a Unión necesita certas estruturas de estado para poder sobrevivir. Que os líderes europeos comprometéranse a endebedarse conxuntamente por 750.000 millóns de euros e devolver esa débeda conxuntamente ata o ano 2058 é un gran paso cara a unha Unión cada vez máis estreita. Esperemos que haxa moitos máis. Iso si, sempre respectando o principio de subsidiaridade, e os catros alicerces que conforman o modelo social europeo. O pluralismo político, o estado de dereito, a economía de mercado e o estado de benestar. ■

**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ



Balance de situación 25 anos despois da Asociación Euro- Mediterránea

Jesús A. Núñez Villaverde

Codirector do Instituto de Estudos sobre Conflitos
e Acción Humanitaria (IECAH)

Nun contexto internacional moi diferente ao actual -definido pola pandemia da Covid-19, o declive dos Estados Unidos, o ascenso da China e o esgotamento dun marco institucional que se mostra incapaz de xestionar a desigual globalización que nos toca vivir- hai 25 anos púxose a marcha a Asociación Euro-Mediterránea. O seu obxectivo era nada menos que crear un espazo euro-mediterráneo de paz e prosperidade compartida. Hoxe, co engadido da Unión polo Mediterráneo dende 2008, a violencia e o aumento da fenda de desenvolvemento entre ambas beiras do *Mare Nostrum* obrigan a recoñecer que o haber é moito menor que o debe no balance acumulado.

E entre as razóns que explican este xuízo -sen caer no erro de responsabilizar en exclusiva aos gobernos da Unión Europea, pero sen esquecer tampouco a súa corresponsabilidade na creación de moitos dos problemas que hoxe caracterizan á rexión- cómpre resaltar moito máis a falta de vontade política que a inadecuación do instrumento creado en Barcelona. En efecto, a estrutura adoptada entón- cos chamados tres cestos de cooperación no ámbito político e de seguridade, no económico e financeiro e no de diálogo social, cultural e humano- era un bo punto de partida. No primeiro caso, asumíase a incapacidade da Unión para resolver os conflitos e a violencia existentes (como o que enfrenta dende hai décadas a Israel cos países árabes en lugar destacado); pero entendíase igualmente que era posible evitar o estoupido doutros novos, aumentando os contactos en todos os niveis políticos para ir creando a confianza necesaria para promover a estabilidade común. No segundo, suscitábase a creación dunha zona de libre comercio e a posta en marcha de programas descentralizados, financiados fundamentalmente por Bruxelas, con idea de acelerar as reformas nos anquilosados sistemas económicos dos nosos veciños do sur e este do Mediterráneo, garantindo así unha vida digna ás súas poboacións. Para rematar, tratábase de xerar un intercambio que eliminase os recíprocos estereotipos existentes e que facilitase un maior coñecemento persoal entre quen, en definitiva, compartían non só un mesmo pasado senón tamén un futuro común.

O inquietante panorama actual deixa claro que pouco do recollido nos documentos aprobados e elaborados nestes anos logrou pasar do papel á práctica. Basta recordar situacións como as de Libia, Siria ou Líbano (sen esquecer a unha Palestina cada vez máis marxinal na axenda internacional), o perfil escasamente democrático da maioría dos gobernos da zona ou o drama humano que converteu ao Mediterráneo nun cemiterio para entender que as fórmulas deseñadas por Bruxelas non deron respostas adecuadas a algo que nos afecta a todos. Do mesmo xeito, resulta evidente que tampouco a UE soubo dar resposta a unhas mobilizacións cidadás que, desde o arranque en decembro de 2010 do que algúns quixeron ver como unha “primavera árabe”, rexistráronse con diferentes niveis de intensidade en demanda de dignidade, liberdade e traballo.

E aínda que sempre se pode botar man de argumentos como o impacto da crise de 2008 ou da que agora se desatou para tratar de xustificar a escaseza dos recursos aportados ou o limitado avance de tantas propostas, o máis visible é que o conxunto dos agora Vinte e sete segue preferindo apostar por gobernantes crecentemente deslexitimados como aliados interesados en manter custe o que custe un statu quo que lles outorga claros privilexios, aínda que sexa a costa da inseguridade e o subdesenvolvemento da maioría dos seus cidadáns. A iso engádesse o feito de que a UE continúa sen dotarse dunha voz única no concerto internacional e aínda son moitos os gobernos ancorados nunha visión anacrónica que lles leva a adoptar un enfoque crecentemente securitario na rexión (vista como unha ameaza), a apoiar ata golpes de Estado como o protagonizado en Exipto en 2013 e a defender a réximes nitidamente autoritarios e moi cuestionables tanto en clave democrática como de respecto de dereitos humanos.

Un enfoque que, en definitiva, non só segue arrombando a aposta polo desenvolvemento (tanto no seu perfil sociopolítico como ata no económico) senón que está abocado ao máis rotundo fracaso.

Pola súa banda, tampouco parece que os gobernos dos nosos veciños esperen moito da UE, máis aló de seguir contando co seu apoio para manterse no poder. Para estar á altura dos valores e principios que a UE di defender e para atender aos nosos intereses imponse un exercicio de egoísmo intelixente que traduza en feitos a idea de que o noso desenvolvemento e a nosa seguridade dependen moi directamente do desenvolvemento e da seguridade dos nosos veciños. E por esta vía, pensando moito máis na sorte dos seus habitantes que na dos seus cuestionados gobernantes, o conxunto dos países da Unión teñen moito que dicir e que facer, sen caer no erro de pensar que é posible saír indemne dos retos que afrontamos parapetados tras un muro que enganosamente protéxanos do que ocorre ao noso ao redor.

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Bielorrusia e as reformas inevitables

Miriam González Francisco

Xornalista especializada no estudo de Rusia e o espazo postsoviético. Maxíster en Comunicación da Defensa e dos Conflitos Armados na Universidade Complutense de Madrid e Master en Estudos Internacionais pola Universidade de Santiago de Compostela

Nin o imponente frío do inverno bielorruso, nin os *siloviki* (membros das forzas de seguridade do Estado) frearon as manifestacións contra o “Decreto sobre os parásitos”. Era febreiro de 2017 e o goberno de Bielorrusia decidira establecer un imposto para as persoas desempregadas. O descontento da sociedade resoaba polas rúas de Minsk, unha cidade acostumada á discreción cando se falaba das cuestións políticas.

Despois de varias xornadas de protesta, o presidente Lukashenko cedeu e modificou esta lei. A importancia daquel “Decreto” e a súa resposta social radica nunha cuestión fundamental: o modelo social e económico que lle permitiu a Lukashenko manterse estable no poder. O “*contrato social*” entre o presidente e o pobo bielorruso baséase nuns preceptos claros, o crecemento económico e a estabilidade social a cambio da falta de liberdades. O outro pilar fundamental son as forzas de seguridade que, polo de agora, mantéñense fieis ó mandatario.

Despois de dúas décadas no poder, cunha economía varada dende hai dez anos e cunha mobilización popular sen precedentes ¿son quen as autoridades bielorrusas de manter unha situación socioeconómica aceptable para os cidadáns? Probablemente, non.

A imaxe do Lukashenko está bastante deteriorada entre unha parte da opinión pública bielorrusa. A vitoria nas eleccións presidenciais do 9 de agosto con máis do 80 por cento do voto emitido xerou malestar, foi considerada fraudulenta e desatou as maiores protestas na historia do país. A resposta das autoridades foi a represión.

A pesares de que no ano 2010 tamén houbera mobilizacións contra o resultado electoral, o Estado mantíña uns niveis de benestar social relativamente bos. Cando Lukashenko asumiu a presidencia en 1994, parou as privatizacións das empresas estatais, mantivo unha taxa de desemprego moi baixa, reduciu a pobreza e houbo crecemento económico.

Gran parte deste logro acadouse grazas a unha relación comercial moi vantaxosa con Moscova. Bielorrusia adquiría gas e petróleo a prezos do mercado interno ruso e vendía os excedentes do cru refinado a outros países.

A situación mudou no 2019, cando as relacións entre os veciños volveron a se deteriorar de novo. Rusia –que é o maior socio comercial de Minsk– modificou as condicións destes tratos comerciais, subiu os prezos dos recursos enerxéticos e comezou a premer para ampliar a integración no Estado da Unión, un tratado firmado por ambos países na década dos 90 para crear unha entidade supranacional. A consecuencia destes cambios foi unha gran perda económica no presuposto nacional.

A isto cómpre engadir as impopulares reformas dos últimos anos: aumentouse a idade de xubilación, baixaron os salarios para os empregados estatais con reducións de xornadas laborais e houbo un incremento da emigración cara o estranxeiro.

A pandemia da Covid-19 foi un punto de fricción entre goberno e sociedade. Lukashenko non chegou a tomar medidas contundentes para frear os contagios e chegou a burlarse dos efectos do coronavirus.

Outra cuestión importante é a demografía electoral, que tamén mudou. As novas xeracións urbanas, que foron a vangarda das protestas, apostan por un cambio, mentres que o apoio ao presidente reside principalmente nas áreas rurais e nos empregados públicos. Pero nas mobilizacións postelectorais do 2020, as manifestacións trasladáronse das principais cidades ás áreas rurais.

Outro punto de inflexión foron as marchas dos traballadores das empresas públicas, como a protesta na fábrica de tractores MTZ. Lukashenko visitou aos traballadores desta compañía e non foi ben recibido. Os obreiros reclamaban novas eleccións e a súa dimisión. O presidente cambiou entón a súa estratexia: reduciu a violencia policial e prometeu unha reforma constitucional e a descentralización do poder. Despois das emendas á Constitución habería novas eleccións pero non negociaría nas rúas, afirmou.

O cambio no país é un feito, tanto pola “politización” da sociedade trala represión das protestas como polo contexto económico.

O balance exterior

Lukashenko sempre tentou manter a súa propia independencia movéndose entre Rusia e Occidente, sacando partido da posición xeoestratéxica do país mentres buscaba os seus propios intereses.

A reacción de Rusia ante as protestas foi moderada pero firme, brindando apoio económico e recoñecendo a Lukashenko como presidente lexítimo. Pero a boa posición do mandatario bielorruso como negociador xa non permitía o mesmo xogo de equilibrios, o cal favorece ó Kremlin ao ser o seu valedor máis importante. As disputas sobre a integración do país no Estado da Unión, por exemplo, poderán resolverse máis sinxelamente xa que non haberá tantas resistencias en Minsk.

A resposta da Unión Europea, a parte das declaracións institucionais, centrouse no establecemento de sancións. Bruxelas busca unha negociación para a transición no poder, novas eleccións e a liberación dos presos políticos. E no mellor dos casos, que Lukashenko deixe a presidencia.

Pero non debemos esquecer que o movemento de protesta non foi pro-occidental, nin busca un acercamento á UE. Ademais, aínda que o investimento económico que Bruxelas tería que facer se Minsk saíse da órbita rusa puidera ser asumible, xerárase un conflito con Moscova. Ningún dos actores quere outro escenario parecido ao da Ucraína.

A oposición, con Svetlana Tikhanovskaia á cabeza, creou un Consello de Coordinación para o inicio das negociacións e foi practicamente desarticulado polas detencións e polo exilio de moitos dos seus membros. Ata agora, o Consello de Coordinación foi moi claro con respecto ao mantemento das boas relacións con Rusia. Pero a maioría dos membros do Presídium están presos ou fóra do país.

Tikhanovskaia, exiliada en Vilna, mantivo varios encontros con líderes europeos como Macron ou Merkel, e mostrouse receptiva cara os ofrecementos de axuda occidental (apoio económico a medios independentes e organizacións da sociedade civil, promesas de investimentos unha vez que Lukashenko deixe o poder...) mentres lle dicía a Putin que o que acontece en Bielorrusia son asuntos internos e que debería deixar de apoiar ao “*régime de Lukashenko*”.

As mobilizacións continúan e o Ministerio do Interior bielorruso advertiu que “ante a radicalización das protestas” poderían empregar armas militares. Un día despois deste aviso, Tikhanovskaia anunciou un ultimato a Lukashenko: antes do 25 de Outubro debería dimitir e liberar a todos os presos políticos ou enfrontaríase a máis manifestacións e unha folga nacional. Quizais sexa un bo momento para comprobar a capacidade de mobilización e liderado da Tikhanovskaia.

Lukashenko resiste, por agora, aínda que cunha posición máis debilitada e coa irrenunciable tarefa de establecer cambios. Non só no ámbito da Constitución ou na descentralización do poder, pois a situación económica e a alta débeda exterior van esixir axustes. O clima político no país é convulso e o contexto económico pouco optimista para unha sociedade cada vez máis implicada nas cuestións políticas. Ademais, o resto de actores internacionais non van perder a oportunidade de sacar partido da crise do país. ■

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Galicia perante a Conferencia para o Futuro de Europa

Serafín Pazos Vidal

Responsable da política europea
da Convención de Autoridades Locais Escocesas

Pode que a historia non se repita pero Bruxelas é cada vez máis unha cidade sen memoria. Logo dun exercicio de case tres anos o chamado proceso Bratislava-Roma-Sibiu (setembro 2016-maio 2019) a UE, tal que montaña, decidiu parir un rato. Oficialmente para examinar o futuro da UE aos sesenta anos do Tratado de Roma, en realidade un exercicio terapéutico pola retirada do Reino Unido, tivo como grande proposta a creación dun novo proceso de reflexión: a Conferencia para o futuro de Europa.

Non hai que ter moitos anos para lembrarse que hai dezaioito lanzou a *Convención* para o Futuro de Europa. Trala Declaración de Laeken de 2001 e durante ano e medio elaborouse o proxecto de Constitución Europea nun proceso participativo e aberto coma nunca se tivo celebrado un tratado internacional. O resto da historia é coñecida, se ben o recentemente elixido Zapatero convocou un referendo para ser “os Primeiros en Europa” (así era o lema institucional), o *non* neerlandés e francés levaron a un impase que se solucionou eliminando os aspectos máis simbólicos daquela *constitución* para quedarse co Tratado de Lisboa vixente.

Estamos por tanto, nun *déjà vu*. Se ben a pandemia foi a escusa para evitar lanzar un proceso que aparte de, signo dos tempos, sería moi virtual e interactivo, máis redes sociais e menos garabatas, en realidade nin Consello, nin Parlamento, nin Comisión son quen de acordar quen a presidiría.

Galicia tivera un papel notorio daquela. Visto coa perspectiva do tempo, como afirma Tatham (2014), a Convención foi o último momento da época das chamada “Europa das rexións”. Termo este último continxente *totum revolutum* froito da natureza, como afirma Hix (2007), hiperconsociativa da UE.

Un período que, desde mediados dos anos 80, cos procesos de descentralización en moitos Estados Membros e a progresiva asunción de competencias pola daquela CEE estimularon o enorme voluntarismo de moitos mandatarios territoriais (Fraga, Maragall, Pujol, Martini, Schausberger, Chabert, Lambertz, Bore) na idea, co tempo demostrada que un tanto *naïf*, que se estaba xerando unha nova orde legal que sobordaba o Estado, o que tamén se deu en chamar Gobernanza Multinivel (Marks, 1992). A introdución do principio de subsidiariedade, a creación do Comité das Rexións (CdR) polo Tratado de Maastricht (1992) e a expansión da Política Rexional ou de Cohesión Territorial, ata supor máis dun terzo do crecente orzamento da UE, son testemuños deste activismo. A Convención Europea foi como dicimos un momento sobranceiro porque durante uns meses e obviando fronteiras estatais, idiomas e ideoloxías partidarias confluiron, no chamado grupo de Rexións con Competencias Lexislativas (REGLEG), *Länder* alemáns e austríacos, rexións federadas belgas, Comunidades Autónomas, rexións italianas, Madeira, Azores, Aland, e as recentemente obtida *Devolution* de Escocia e Gales.

En clave española, como lembrou anos despois Ignacio Sánchez Amor (2010), despregouse unha auténtica paradiplomacia autonómica que ignoraba tribos partidarias que unía o líder socialista estremeño co galego Gamallo Aller, o nacionalista vasco Jose Mari Muñoa e a Generalitat con líderes flamengos liberais ou austríacos demócrata-cristiáns no fin común de que o Dereito da UE recoñecese plenamente a todos estes territorios no seu proce-

so de toma de execución e xurisdición. Foi un momento único que non volveu repetirse. Xa antes da final da Convención comezaron a desmarcarse: os británicos aliñándose co goberno central; os *Länder* buscaban protexerse do baleirado competencial pola UE namentres que as CCAA buscaban solucionar na UE os seus problemas de articulación interna, exemplificados daquela polo chamado *Plan Ibarretxe*. Ao final, quen gañou foi o Comité das Rexións que viu o seu rol afianzado.

Foi un momento culminante, xa que esgotouse o modelo colaborativo, excesivamente dependente do voluntarismo e a axenda dos mandatarios rexionais, razón pola cal REGLEG deixou de existir como tal (e razón pola que a CALRE, que reúne aos lexislativos rexionais, si ten un papel meritorio complementando o traballo do CdR).

Era mais factible solucionar os problemas en clave interna en vez de tentar pontear, por exemplo, ó goberno federal alemán (Jeffery, 2005). Daquela e agora, o problema con Europa téñeno as CCAA, as demais mal que ben foron atopando solucións de orde interna (*Bundesrat*, *Conferenza Stato-Regioni*, *Bundeshauptpleutekonferenz*).

A crise de 2008 cos recortes orzamentarios ós servizos públicos (en parte esixidos polos novos Tratados Fiscais da UE co gallo da crise da eurozona) e a fin das grandes ambicións e das mal chamadas *embaixadas* fixeron o resto.

Seguramente haberá un *revival* rexional na Conferencia para o futuro da UE. Pero en realidade esa discusión xa tivo lugar no ano 2018, coa *Task Force* de Subsidiariedade organizada pola Comisión, a conferencia de parlamentos estatais (a COSAC) e o CdR -o Parlamento abstívose de participar-. O Vicepresidente Timmermans xa organizara cando era

ministro de exteriores holandés un exercicio interno semellante (tamén o goberno británico de Cameron) coa idea de que a UE se ocupase só das cousas importantes (“*big of big things*”) e deixase aos Estados o resto. Convocouse tamén para evitar que a organizase, en clave euroescéptica, a inminente presidencia austríaca da UE. O CdR, cada vez menos representante das rexións e cada vez mais de si mesmo ou cando menos dos grupos políticos que o dominan (Pazos-Vidal 2019, Piattoni e Schönlaue, 2018), enfocou a cuestión da participación territorial no eido da “*better regulation*” ou simplificación normativa. Asuntos que dado o impulso do Semestre Europeo e a nova gobernanza económica a re-sultas do *coronavirus* vanse discutir na Conferencia.

Por iso, fronte as *boutades* doutros, Galicia ten un papel que xogar en aproveitar esta oportunidade para sobre todo definir mecanismos eficaces de coordinación interna dada a pouca eficacia das Conferencias Sectoriais, avogar pola plena participación das CCAA nos Programas Nacionais de Reforma do Semestre Europeo, clave para poder optar ao chamado fondo de recuperación. Pero a credibilidade europeísta comeza dando exemplo: cumprindo co Dereito comunitario en residuos, espazos naturais, contratación pública, concesións, axudas de Estado, transparencia, transporte sostible e público, educación. Xa o Adrián Solovio de *Arredor de si* descubriu hai case un século que Europa empeza na casa.

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Shadi, refuxiado curdo

Moncho Iglesias Míguez

Escritor e profesor. Amais, colabora en medios de comunicación como “Tempos novos” e “Praza”

En 2013 Shadi Khaled decidiu abandonar a súa vila natal, no Curdistán sirio, na procura dunha vida mellor. En primeiro lugar, buscaba saúde, xa que Hadiya, a muller, estaba enferma. En segundo lugar, precisaba tranquilidade e paz, ambas totalmente afastadas do seu país, sumido en guerra dende as protestas antigubernamentais de 2011. Por último, necesitaba vivir e para iso debía fuxir da morte, que era o único que habitaba daquela no seu fogar.

Qamishli, onde naceu Shadi, serve de fronteira entre Siria e Turquía. De aí que as orixes de Shadi estean na beira otomá, ata onde chegaba o Orient Express, nunha ruta en tren que conectaba Bagdad con Istambul. Alí, no medio desa liña férrea, creceu engorde esa vila na que se congregaron os siríacos fuxidos do xenocidio de Anatolia, os curdos que escapaban das persecucións en Iraq e en Turquía, e comerciantes e peregrinos que toparon acubillo no lugar.

Shadi criouuse nunha Qamishli próspera onde estudou, ensinou música e formou unha familia de seu. Esa parte do Curdistán xa tiña sona por aquel entón, pois entre os seus veciños estaba un dos escritores máis sobranceiros das letras sirias: Salim Barakat. Foi este quen afirmou que a súa terra era un territorio inacabado, sempre en fuxida. Tan certa afirmación confirmouna o exilio do propio autor e mais o de Shadi e o de moitas outras persoas que non puideron decidir máis que marchar.

A mestura de pobos fuxidos fixo de Qamishli un espazo sempre presente nos conflitos do país. Ata 2004, as tensións non liberadas e acumuladas adoitaban apagarse silandeiamente e sen maior problema. Con todo, a ira de afeccións rivais durante un partido de fútbol deveu nunha avalancha de cánticos e insultos que remataron no chamado «masacre de Qamishli». O partido de fútbol do campionato sirio que enfrontaba o al-Jihad co al-Fatwa acabou por pór fronte a fronte dúas faccións políticas. Nunha bancada estaban os seareiros curdos e da outra os iraquís. Os dunha beira entoaban cánticos a favor de Bush e os da outra a prol de Saddam. As voces axiña saltaron por fóra do estadio e os golpes substituíron os berros que durante varios días tinguiron a cidade dunha violencia que acabou con máis de trinta persoas mortas e centos de feridas e detidas.

A calma regresou devagar ás rúas de Qamishli. Porén, só un ano despois do massacre, o asasinato dun clérigo curdo abriu feridas nunca cicatrizadas e retornaron as tensións. Dende aquela, a inestabilidade fixo que se contasen mortes cada vez que estouraba unha faísca prendida por faccións distintas. E así, en 2008, durante a celebración do Noruz, o ano novo persa, unha nova lea elevou as cifras de defuncións amais de acrecentar o odio. E do mesmo xeito, o 2011 encheu as rúas do país para esixir cambios no goberno e desas protestas naceron outras e delas grupos para apagalas e deses intentos de matar ou de avivar os lumes, alimentouse unha guerra civil que dende entón invade toda Siria.

Qamishli proclamouse capital da autodenominada rexión autónoma do norte de Siria e converteuse nun labirinto de grupos rivais. Sobrevivir mudou a concepción da vida e non aceptar as regras do xogo significou unha catapulta cara a morte. Este foi un dos motivos que levaron a Shadi a deixar a cidade, mais non o único. A carencia de paz provocou o excedente de necesidades básicas por garantir, e entre estas estaba a saúde. Hadiya precisaba axuda para curar o cancro que padecía e os únicos sitios ata os que poder chegar eran Damasco, a capital siria, e Erbil, no Curdistán iraquí. Foi alí onde conseguiron superar a enfermidade e onde logo quedaron, no campo de refuxiados de Qushtapa.

O fillo pequeno de Hadiya e Shadi naceu refuxiado. Aínda nunca coñeceu a liberdade que connota a palabra habitante, dunha aldea, dunha vila ou dunha cidade. A súa irmá apenas lembra iso, pois leva anos entre os arames do campo de refuxiados e, non é quen de recoñecer fronteiras nin de entender que son as viaxes con visados. Por iso, os cativos só comprenden que o papá está fóra, mais pronto han xuntarse de novo.

Tras sete anos como refuxiado, á espera dun permiso co que poder abandonar Qushtapa, Shadi decidiu obter unha cidadanía polos seus propios medios. Coa axuda de amizades e familia conseguiu o apoio necesario para emprender a marcha. Logo, só agardou polo aviso de que o camiño estaba despexado e entón comezou a andaina. O 11 de agosto recolleu o pouco que un peregrinar permite cargar e, coa esperanza de solucionar toda caste de papeleme, dirixiuse cara a Europa.

A pé, en coche, en autobús e en camión, sorteou os camiños máis transitados para fuxir das diferentes policíaas e pedir asilo nalgún lugar onde non o persigan para axustizalo polo simple feito de ser. Pensou en Reino Unido, polo idioma, pero a idea do Brexit freouno. Entón aceptou Alemaña, mais xa de camiño propuxéronlle Países Baixos e pareceulle a mellor opción para poder unificar a familia canto antes.

Bordeou Siria ao pasar de Iraq a Turquía. Tras varios días en Istambul foi a Grecia, de onde o deportaron. De volta en Turquía, agardou polo momento exacto para continuar sen ser visto, temeroso dunha expulsión que significaría o retorno do que fuxía. Cando cruzou de novo cara a Grecia, axiña seguiu camiño ata Macedonia do Norte, Albania, Kosovo, Serbia, Hungría, Austria, Alemaña e Países Baixos.

O 24 de setembro, Shadi logrou o papel que legalizaba o status de refuxiado en Europa. Despois de mes e medio a deambular, coa mirada posta no futuro máis próximo e esperanzador, puido durmir tranquilo nunha cama resgardada e a cuberto. Agora espera que os documentos que cubriu nas últimas semanas apuren e faciliten a viaxe de Hadiya e dos rapaces. Mentres, Shadi segue a pensar no futuro da súa xente e no presente dos seus. Non esquece as clases de árabe que dá en Natakallam nin o costume de escribir versos ou de ler nos libros que tanto admira, tampouco deixa de escoitar a música que el mesmo compón nin de soñar que todos eses anos foron un pesadelo, como as guerras todas.

**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ



Armenios e curdos frente ao novo império otomán

Yashmina Shawki

Escritora e historiadora especializada en Oriente Próximo

No complexo conglomerado étnico, racial e relixioso de Oriente Próximo en xeral e na rexión do Crecente Fértil e o antigo Levante en particular, destacan tres grupos humanos cuxos devanceiros xa ocupaban este territorio miles de anos antes de Cristo. Tres grupos humanos caracterizados por unha longa historia de invasións, ocupacións e xenocidios. Tres grupos cuxos descendentes preservaron unha cultura, unha tradición e un idioma propios, peculiares e únicos. Tres grupos humanos, armenios, xudeus e curdos que, ademais, hoxe representan a resiliencia ante a fagocitación que os diferentes pobos invasores pero, sobre todo, os grandes imperios históricos: o persa e o otomán, intentaron levar a cabo.

Dous deles, o xudeu e o armenio, teñen un estado recoñecido internacionalmente, ou case, e outro, o curdo atópase dividido entre catro países, ao longo do esqueleto montañoso que separa a Irán, Iraq, Siria e Turquía e só goza dunha ampla autonomía no segundo. Os xudeus, pese a estar rodeados de países árabes manifestamente hostís á súa existencia, polo menos ata fai relativamente pouco tempo, gozan dun “status” internacional moito máis forte que o dos outros dous grupos. A débil posición de armenios e curdos deriva, da confluencia de varios factores, entre os que destacan, a súa estratéxica ubicación xeográfica pero, sobre todo, a inxerencia de Turquía.

O emprazamento destes pobos na área de colisión fronteiriza entre o imperio ruso, o otomán e o persa fixo que durante séculos fosen os seus peóns. Ambos foron vítimas colaterais do choque violento entre estes imperios que ambicionaban estender os seus dominios e frear o avance do contrario. Un choque que se saldou en máis dunha decena de enfrontamentos desde o século XVI ata o XX.

Armenios e curdos compartiron durante milenios o territorio do sueste de Turquía onde conviviron con altos e baixos ata que a chegada do imperio otomán deu certa prevalencia aos curdos musulmáns fronte aos armenios cristiáns. Esta situación de subordinación mantivo a rexión baixo certo control aínda que nunca totalmente pacificada ata o século XIX cando se sucederon os levantamentos dos grandes Emiratos Curdos e as rebelións a menor escala contra os cambios orixinados pola promulgación das Tanzimat, a nova normativa centralizadora. Se os líderes curdos non aceptaron de bo grado o crecente control do goberno nin tampouco viron con bos ollos o que eles consideraban privilexios que a nova normativa outorgaba aos “non musulmáns”, os armenios, cada vez máis influenciados pola ideoloxía nacionalista reclamaban “liberarse” do xugo otomán. Tras décadas de esforzos para sufocar a ebulición por fin ideouse o que resultou ser un eficaz instrumento de represión: A Cabalería Hamadiya. Integrada case na súa totalidade por curdos, e dirixida directamente polo sultán Abdul Hamid II, mantivo aos curdos baixo control ao proporcionarlles emprego e prebendas á vez que sometía aos armenios. A súa ferocidade provocaría a morte de decenas de miles de armenios no bienio de 1894 a 1896. Non moitos anos despois, iniciada a Iª Guerra Mundial e en represalia pola falta de apoio aos otománs contra os rusos na súa campaña no Cáucaso, onde sufriron unha gran derrota, os primeiros levarían a cabo o que se considera, pese a non térselle reco-

ñecido como tal desde o punto de vista xurídico, o primeiro xenocidio do século XX. O 14 de abril de 1915 o goberno otomán ordenou o arresto e deportación de 250 notables armenios e un mes despois, aprobada unha lei “temporal” de deportación deuse inicio a unha masiva campaña de exterminio de todos os varóns armenios e o traslado forzoso do resto da poboación en condicións inhumanas. Estímase que o bombardeo dos pobos e os campos de concentración, entre outros, provocaron a morte de 800.000 a 1.500.000 persoas. Os perpetradores e o goberno que os amparou nunca foron xulgados. É máis, o goberno turco non só se negou a recoñecer os feitos pese ás múltiples evidencias senón que mantivo unha actitude manifestamente hostil contra o estado armenio que se atopa alén da súa fronteira oriental.

Pero os armenios non foron as únicas vítimas das campañas de “purificación” turca. Masacrados aqueles, o goberno de Ankara dirixiu a súa mirada aos curdos. As primeiras deportacións iniciáronse en 1916 co traslado forzoso de 700.000 persoas das cales estímase que morreron a metade. Os posteriores levantamentos dalgúns líderes tribais en protesta pola situación de represión, illamento e atraso que vivía a rexión provocaron de 1925 a 1928 a deportación doutros 500.000 curdos. Non satisfeito con esta “limpeza étnica” e, para garantir a “turquificación” da rexión, o goberno incentivou o traslado de turcos doutras zonas para que se asentasen nela. Ademais prohibiu o uso da lingua curda, a reunión dun número determinado de familias curdas nunha mesma localidade, etc.

Dende entón, as relacións entre os sucesivos gobernos e os curdos foron difíciles cando non directamente hostís. A guerra que mantén contra o PKK -o Partido dos Traballadores do Curdistán - desde 1978 serviulle de escusa para manter a re-

xión fronteiriza con Iraq en estado de sitio. Ademais, non dubidou en violar as fronteiras internacionais de Siria e Iraq perseguindo aos membros desa organización. A súa última intervención ocupando unha franxa no norte de Siria, que denominou eufemisticamente “cinto de seguridade”, non só é unha manobra para impedir a consolidación dunha rexión autónoma curda senón que é o paso previo para recuperar unha porción do histórico territorio que pertenceu ao fenecido imperio otomán en base a unha especie de “usucapión”.

Hoxe, a política expansionista de Erdogan, levoulle a apoiar militarmente a Acerbaixán, un país musulmán rico en hidrocarburos, na súa disputa con Armenia sobre a rexión de Nagorno Karabaj. En guerra aberta, nin sequera a intervención rusa semella capaz de frear unha escalada da que o gran beneficiario será Turquía. Se Acerbaixán conserva Nagorno Karabaj, Turquía garantiuse unha alianza definitiva cun subministrador de enerxía que tanto necesita e colaboraría a estender a influencia islámica no Cáucaso; se a perde, prexudicaría a Armenia, un país que é un permanente recordatorio do seu pasado xenocida e un enclave cristián nunha contorna que desexaría musulmán. O imperio otomán desapareceu dos mapas pero non do imaxinario colectivo de quen non se resignan a recoñecer un pasado xenocida nin a aceptar que quen foron os seus súbditos, armenios e curdos, agora desexan ser pobos libres da súa inxerencia, independentes e respectados pola Comunidade Internacional. ■

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

O ODS 14 e o avance cara á regulación dos subsidios pesqueiros na OMC

Carlos Teijo

Profesor de Dereito Internacional Público e da UE na USC. Investigador principal do proxecto “La implementación del ODS 14 en España y la UE: desafíos regulatorios para la cooperación internacional y la seguridad marítima, PID2019-109680RB-I00” (2020-2023)

As pesqueiras mundiais están en crise. Na actualidade, o 60 por cento das poboacións de peixes están plenamente explotadas e un 34 por cento están explotadas a niveis insustentables (FAO, *State of World Fisheries*, 2020). Unha boa parte desta situación deriva da deficiente xestión que fan os Estados costeiros das Zonas Económicas Exclusivas, de 200 millas, nas que lles recoñece xurisdición a Convención das Nacións Unidas do Dereito do Mar. Por outra banda, contribúen tamén á sobrexplotación dos recursos ictícolas os precarios procesos de cooperación que se dan na alta mar, que non está sometida á xurisdición de ningún Estado e onde poucas das Organizacións Regionais de Ordenación Pesqueira (OROP) poden garantir unha xestión sustentable.

Con todo, cando na análise desta situación crítica queremos ir máis alá das evidentes eivas que amosa a xestión pesqueira nos diferentes espazos marítimos, axiña atopamos -nos distintos estudos e diagnósticos- cun elefante na habitación: existe sobrepesca porque existe unha flota pesqueira mundial hipertrofiada e sobrecapitalizada por causa dos subsidios que proporcionan os gobernos. As estimacións globais máis recentes indican que, en 2018, se concederon 35.400 millóns de dólares á industria pesqueira, dos que 22.200 tiveron un carácter negativo ao contribuír ao incremento da capacidade do sector (Sumaila et al., “A global dataset on subsidies to the fisheries sector”, *Data in Brief*, vol. 27, 2019).

A comunidade internacional ten tomado conciencia desta negativa situación e incorporado gradualmente a problemática á axenda multilateral. No mandato de Doha da OMC (2001) foi incluído un apartado sobre a negociación de normas específicas sobre subsidios pesqueiros, vinculadas ao Acordo sobre Subvencións e Medidas Compensatorias (ASMC) e na Conferencia Ministerial de Hong Kong (2005) perfilouse este mandato. Despois de sucesivas roldas de conversas, intentouse avanzar sobre un primeiro borrador (2007) que non foi apoiado polos Estados e o tema, como o resto da frustrada rolda Doha sobre desenvolvemento, semellaba destinado a esmorecer. Porén, o panorama mudou en 2015.

A negociación multilateral sobre subsidios á pesca presenta certamente uns perfís distintivos posto que, a pesares de incardinarse no contexto comercial da OMC, ten un obvio contido medioambiental e unha forte implicación socioeconómica. Esta singularidade conduciu a que a problemática fose integrada no marco referencial dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) adoptados pola ONU en 2015. En concreto, a meta 14.6 dos ODS instou a prohibir “para o ano 2020, certas formas de subvencións á pesca que contribúen á sobrecapacidade e á pesca excesiva e a eliminar as subvencións que contribúen á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR), recoñecendo que a negociación sobre os subsidios á pesca no marco da OMC debe incluír un trato especial e diferenciado, apropiado e efectivo para os países en desenvolvemento e os países menos adiantados” (A/RES/70/1, 2015).

Os Estados membros da OMC tampouco foron capaces de chegar a un acordo na 11.^a Conferencia Ministerial de 2017 polo que a presentación de propostas continuou ata marzo deste ano e, en xuño, o presidente do Grupo de Negociación sobre Normas (que é onde se está a debater a nova regulación) propuxo un texto consolidado de artigos (RN/TN/RL/126) sobre o que se está a basear o tramo final da discusión que debera rematar, para cumprir coa meta 14.6, a finais deste ano. Na situación de colapso xeral que está a atravesar a OMC, polo tanto, o único acordo internacional que se está a negociar é o relativo aos subsidios á pesca e o resultado final deste supón, sen dúbida, un test crucial para o futuro da organización.

No texto consolidado que están a debater as delegacións, delimitase o ámbito de aplicación da normativa (art. 1) que vai afectar, en principio, ás subvencións específicas (como establecen os arts. 1 e 2 do ASMC) á pesca de captura mariña e ás actividades directamente relacionadas con esta; este perímetro deixa marxe de acción aos Estados ao excluír os subsidios á acuicultura, á pesca continental ou, por exemplo, á construción de infraestruturas portuarias. Aparecen, así e todo, expresamente incluídas neste primeiro borrador de traballo as controvertidas subvencións aos combustibles que non teñan carácter específico, é dicir, aquelas que non estean circunscritas a un determinado segmento produtivo, empresa ou rexión.

A prohibición das axudas aos buques implicados en actividades de pesca INDNR (art. 3) é o aspecto da negociación onde o consenso está a fraguar con maior facilidade, se ben no texto de base permanecen entre corchetes cuestións como a posibilidade de que a determinación dun caso de pesca ilegal poida ser iniciada non só polo Estado costeiro ou pola OROP competente senón tamén polo Estado de pavillón do buque, o Estado subvencionador ou por calquera outro Estado de porto relacionado coa actividade; tamén están sen pechar os detalles relativos ao procedemento a empregar para a aplicación das disciplinas sobre subvencións.

Na prohibición dos subsidios ás flotas que capturan poboacións de peixes sobreexplotadas obsérvase tamén unha tendencia cara o consenso, aínda que no texto de traballo continúan abertas dúas opcións alternativas de regulación que pasan ou ben porque sexan os propios Estados de xurisdición e as OROP competentes os que determinen a condición de “sobreexplotado” dun recurso ou ben porque esta sexa establecida a partir dun parámetro obxectivo, coma o rendemento máximo sostible (art. 4). Neste ámbito, que require como *a priori* dunha xestión pesqueira sólida que permita determinar a presión á que está sometido un recurso, o trato especial e diferenciado aos países menos avanzados e en desenvolvemento deberá implicar tanto asistencia técnica coma períodos transitorios para a aplicación das normas e excepcións que están a ser pactadas.

O terceiro pé das futuras disciplinas (o da prohibición das subvencións que alenten a sobrecapacidade) está a ser o máis complexo de abordar e aquel no que os baleiros do texto se fan máis evidentes xa que, por exemplo, o borrador non di nada aínda sobre a posibilidade de permitir mínimos exentos de control nin sobre a elaboración dunha lista de subsidios non prexudiciais (arts. 5.5 e 5.6). No tema do control da sobrecapacidade é onde emerxen con máis crueza non só as diferencias de intereses que hai entre Estados desenvolvidos e en desenvolvemento, senón tamén as diverxencias que existen entre potencias que se autotitulan como Estados en desenvolvemento (como China, que é primeira potencia pesqueira do mundo, a que concede máis subsidios e a que conta cunha maior flota a distancia) e boa parte dos restantes países menos avanzados, como é o caso dos africanos, que premen para acadar unha regulación máis segmentada da cuestión. Nese senso, o texto refundido avanza, sobre a base dunha proposta da India de marzo deste ano (TN/RL/GEN/200/Rev.1), nunha solución que permita aos países menos desenvolvidos e en desenvolvemento -que non sexan potencias pesqueiras- estimular o crecemento económico deste sector vía subvencións.

Todo este debate, como é lóxico, resulta capital para Galicia, que conta coa principal flota da UE, sobre todo se temos en conta a coincidencia do mesmo coa negociación do FEMP 2021-2027 e, no ámbito das axudas para combustible, coa revisión da normativa sobre a fiscalidade de produtos enerxéticos incorporada ao Pacto Verde Europeo. A análise da conformación técnica das distintas solucións reguladoras en presenza ten un carácter estratéxico neste ámbito. ■

**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Planeta Océano

María Xosé Porteiro

Xornalista e escritora

O escritor e xornalista, Valentín Carrera, berciano e galego en partes proporcionalmente xustas, ven de publicar o libro *Antártida. Viaje al ecosistema de la aventura polar* en Ediciones del Viento. Interesa lembrar o perfil do autor, vello coñecido do mundo profesional da comunicación en Galicia onde traballou en Radio 80, La Región, AGN, TVG, La Voz de Galicia, e colaborou noutros medios como La Vanguardia, EFE, El País, COPE ou TVE. É un profesional polivalente con predicamento como opinante e unha especialización peculiar como documentalista que queda demostrada nos máis de oitenta programas deste xénero realizados para varias cadeas televisivas, entre elas a marroquí SNRT. A súa biografía está marcada polo compromiso coa verdade, coa defensa da liberdade e co medio ambiente. Mais, se tivésemos que procurar unha soa palabra para o definir, eu escollería a de aventureiro porque os seus mellores traballos estiveron guiados por ese impulso interior que o levou a camiñar Xapón, Perú, Quenia, Exipto, ou a Antártida.

Non é carne de redacción este seguidor dos pasos de Capote, Hemingway ou Faulkner, e grazas a esa curiosidade inmensa cabalgou todo o Camiño de Santiago, acompañado polo seu amigo e gran fotógrafo Anxo Cabada -cando os turistas aínda non o colapsaran- ou, coa mesma naturalidade, embarcou, xa en dúas ocasións, en buques imponentes para chegar desde a Fisterra europea -que somos nós-, até ese fin do mundo do planeta, que é a Antártida.

A historia que Valentín Carrera nos conta nesta obra é unha peza afortunada da literatura de viaxes. Todo o que escribe ten o ton documental e xustificando do xornalista que participa dunha expedición na que ten o papel de observador e de notario. Como adoita lembrar, da expedición británica que coincidiu coa primeira guerra mundial, é admirable o afán do fotógrafo británico, James Frances Hurley, por manter consigo e poñer a salvo -nas peores condicións e situacións imaxinables- as placas fotográficas que deron testemuña do intento de facer a primeira travesía a pé da Antártida, concibida e dirixida polo explorador Ernest Shackleton. Como se sabe, a 160 quilómetros do continente, o seu barco, o *Endurance*, ficou apreixado polo xeo seis meses despois do comezo dunha aventura que rematou traxicamente.

Ten que haber alguén que conte o que acontece para que sexa unha verdade aceptada, e a ese fin dedicou este narrador os seus mellores azos, a súa mellor pluma e a súa infinita enerxía. A Antártida contada por Valentín Carrera é unha historia de amor a un planeta que o autor rebautizou trocándolle o ancestral nome de Terra polo de Océano. E sen dúbida, está xustificando por seren as augas mariñas as que ocupan unha maior superficie nesta esfera que se move no Universo seguindo a órbita do sol, se consideramos o que se percibe na superficie.

A Antártida, a nosa casa profunda

Haberá que repensar a dimensión da terra e dos mares habitados colocando ao continente antártico no lugar esencial que lle acae, mesmo que non está así referenciado nin nos libros de texto nin apenas na divulgación científica para o público non especializado que somos a inmensa maioría.

O autor deixa escrito que “a Antártida é a nosa casa profunda. É unha caixa de memoria. Non é territorio hostil senón a casa común da humanidade. O único lugar o planeta sen fronteiras, sen Estados, sen armas nin exércitos, sen tarxetas de creto e sen coches: un continente de paz, un fogar non menos común que Palestina ou Siria, onde non somos quen de entendernos e convivir”.

Toda unha declaración de intencións do seu propósito por nos sensibilizar, interesar e comprometer co que el denomina a súa “navegación emocional” grazas á que sentiu “a unidade da Natureza, a relación das partes co todo, do todo coas partes e destas entre si, como intuiron os presocráticos e como confirmou a ollada científica de Humboldt, cuxo exemplo me inspira; de como sentín que a Antártida é a nosa casa e todo o que alí acontece, se escoita aquí, e viceversa: todo canto lixemos no patio traseiro dos nosos países o estamos a contaminar nas estancias nobres do Ártico e da Antártida”. O que denomina “efecto polar bolboreta.”

Este relato correspóndese á segunda expedición científica do estado español ao continente máis austral. Na primeira, en 1986, tamén participou Valentín, e foi a que nos abriu as portas do Tratado Antártico. Foi moito despois, en novembro de 2016, cando realizou esta viaxe que durou cinco meses, con 25.000 quilómetros a bordo dos buques oceanográficos Sarmiento de Gamboa e Hespérides, como cronista da XXX Expedición Científica Española á Antártida, auspiciada polo Comité Polar Español.

Do resultado do seu traballo dan conta o impacto estimado no seu xornalismo multi plataforma que acadou a máis dun millón de persoas, o que se considera a crónica humana e científica máis exhaustiva dunha campaña antártica española. ■

**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ



O Parlamento Centroame- ricano: A diplomacia parlamentar de Centroamérica (1991-2021)

David Balsa

Presidente da Conferencia Eurocentroamericana

No abril do 2019, en Nova York, unha delegación de autoridades centroamericanas encabezada pola Presidenta do Parlamento Centroamericano, o Parlacen, a salvadoreña Irma Amaya, reuníase co Secretario Xeral das Nacións Unidas, o ex primeiro ministro portugués António Guterres, para abordar a axenda internacional (Cambio Climático, migracións, etc.) e presentarlle unha proposta de reforma do Consello de Seguridade das Nacións Unidas. Centroamérica, como reflicte a xuntanza de Nova York e a crecente proxección internacional do Parlacen, ten gañado nos últimos anos peso na escena global ó abeiro dos progresivos avances na súa integración política e económica. O Parlamento Centroamericano - que participa nos semestrais cumios presidenciais da rexión similares ó Consello Europeo na UE - ten impulsado neste senso unha dinámica diplomacia parlamentar para resituar a Centroamérica como un actor respectado e influínte na Comunidade Internacional.

Neste eido, os Presidentes do Parlamento Centroamericano Nadia De León, Tony Raful, Paula Rodríguez ou José Antonio Alvarado teñen impulsado na última década unha incipiente política exterior centroamericana común centrada na súa meirande parte nas relacións coa Unión Europea e Suramérica así como o labor de afortalar a integración política e económica no interior da rexión. Os estados centroamericanos crearon no 1991 o Sistema de Integración Centroamericano, o Sica, (Guatemala, Honduras, O Salvador, Panamá, Nicaragua, Costa Rica, Belice e maila República Dominicana) e definiron o Parlamento Centroamericano como a instancia parlamentar desta institución con obxectivos finais de integración similares á Unión Europea, a Unión Africana ou a Asociación de Nacións do Sueste Asiático.

A idea orixinaria dun Parlamento Centroamericano atópase no 1986 nunha Centroamérica convulsiónada polos conflitos armados e campo aberto de batalla entre os Estados Unidos e a Unión Soviética cando os Presidentes dos estados centroamericanos emitiron a “Declaración de Esquipulas”. A transcendencia deste documento - consensuado entre gobernantes de tendencias políticas moi diversas - non foi percibida ata tempo despois cando unánimemente foi cualificada como o punto de inflexión da crise rexional nunha aposta pola construción dunha Centroamérica integrada e democrática. Por primeira vez, os líderes centroamericanos asinaban un compromiso real de integrar a rexión política e economicamente - trala fallada experiencia da Odeca - e apostaban pola creación do Parlamento Centroamericano e o Sistema de Integración Centroamericano como elementos centrais desa nova comunidade de nacións.

O Parlamento Centroamericano é boa proba das potencialidades dunha Centroamérica unida e democrática para xogar un papel no escenario internacional. Durante as case tres décadas da súa existencia, esta institución, establecida polo “Protocolo de Tegucigalpa”, despregou unha activa diplomacia parlamentariando sendo o principal referente dunha aínda embrionaria pero prometedor política exterior rexional con importantes paralelismos coa UE. O proceso de integración europeo - e máis recentemente o da Unión Africana ou a Asean - son nidos referentes na aspiración de unidade rexional co gallo de acadar o benestar económico, o progreso social e a influencia internacional en Centroamérica

Nos seus primeiros anos, o Parlacen vai contribuír á sinatura dos Acordos de Paz de O Salvador (1992) e Guatemala (1996) e á definitiva superación dos conflitos armados - abertos ou soterrados - no área. O furacán “Mitch” no 1998 asolou todo o istmo centroamericano e vai centrar os esforzos do Parlamento Centroamericano e mailo Sica impulsando a reconstrución das infraestruturas devastadas e a procura do respaldo da Comunidade Internacional para a poboación damnificada. As xestións ante parlamentos e gobernos de todo o planeta polo Parlacen na etapa 1998-2000 ante a crise do “Mitch” consolidan a esta institución no escenario internacional como referente principal de Centroamérica.

No 2002, o ex ministro de Cultura guatemalteco Augusto Vela Mena é electo como Presidente do Parlacen. A súa intensa axenda exterior dirixida tanto a ampliar as relacións cos estados do Caribe (Haití, Cuba, Xamaica, etc.) e a Unión Europea así como con outros actores xeopolíticos (Unión Africana, Asean, etc.) senta as bases da diplomacia parlamentariando centroamericana nas dúas décadas seguintes. No 2007, o avogado Julio González Gamarra e fillo dun dos colaboradores do mítico presidente guatemalteco Jacobo Arbenz (derrocado no 1954 por unha operación encuberta dos EUA descrita maxistralmente na novela histórica «Tiempos recios” do Nobel Vargas Llosa) visita en Estrasburgo ó Presidente do Parlamento Europeo, o alemán Hans Pottering, para solicitar - e obter - o respaldo da UE á aposta do Parlacen por unha Centroamérica unida política e economicamente.

Pola súa banda, Gloria Guadalupe Oqueli vai afrontar durante a súa presidencia no Parlacen a defensa da orde democrática no seu país natal perante o golpe de Estado cívico-militar no 2009 contra o presidente hondureño Manuel Zelaya. Os mandatos do nicaraguano Jacinto Suárez - un dos líderes históricos do FSLN - e o panameño Dorindo Cortez - intelectual vencellado ó PRD do coronel Omar Torrijos, artífice da devolución do Canal transoceánico - estarán dedicados respectivamente á sinatura en 2010 durante a Presidencia española da UE do “Acordo de Asociación e Libre Comercio UE/Centroamérica” e á superación da crise institucional polo fallado intento de Panamá de abandonar o Parlacen.

A intensa diplomacia parlamentariando despregada polo Parlacen a nivel internacional verase recoñecida pola elección da hondureña Gloria Oqueli (2011-2013) e do salvadoreño Leonel Bucaro (2013-2015) para a Presidencia da Asemblea Parlamentariando Euro-Latinoamericana Eurolat. Esta é a instancia parlamentariando da “Asociación Birrexional UE-América Latina” promovida por Josep Borrell como Presidente do Parlamento Europeo (2004-2007) e integrada por 150 deputados - 75 eurodeputados e 75 parlamentarios latinoamericanos -. Nas reunións dos Presidentes da Asemblea Parlamentariando Eurolat, os centroamericanos Gloria Oqueli e Leonel Bucaro, nos Cumios da UE/CELAC en Chile (2013) e Bélxica (2015) e no Cumio Iberoamericano de Cádiz (2012) cos líderes europeos e latinoamericanos como Angela Merkel, Dilma Rousseff, José Manuel Durão Barroso, Enrique Peña Nieto ou Cristina Kirchner, avanzouse na loita contra o Cambio Climático, a protección dos Dereitos Humanos e un comercio xusto e equilibrado.

Na actualidade, a crise do Covid19 - dado o seu carácter global - ten posto novamente de relevo a importancia da diplomacia parlamentariando desenvolvida polo Parlacen. O forte impacto da epidemia sobre a economía, a sociedade e a situación política abrangue a tódolos estados centroamericanos. Novamente, o Parlacen foi clave para xestionar a axuda médica e sanitaria - principalmente da UE e da Federación Rusa - ante a gravidade e duración da epidemia na rexión. O ano 2021, co aniversario dos 30 anos da súa creación, o Parlamento Centroamericano continuará co seu labor cotiá para construír unha política exterior común centroamericana e profundar na unión e a democracia en Centroamérica.

**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

A Respon- sabilidade de Protexer a debate: o caso de Venezuela

Paula Lamoso González e Stelios Stavridis

Doutora e actualmente profesora contratada visitante de Política Internacional no Departamento de Ciencias Sociais da Universidade Carlos III de Madrid.

Investigador Senior de ARAID na Universidade de Zaragoza.

Nos últimos anos, case 4 millóns de persoas decidiron fuxir de Venezuela. O maior movemento migratorio na historia recente do continente e unha das maiores crisis de desprazamento a escala mundial (CEAR, 2020). Este é o resultado da grave crise humanitaria que se está a producir en Venezuela dende 2012 como consecuencia do afundimento dos prezos do petróleo que, sumado a unha deficiente xestión do goberno venezolano, derivou en hiperinflación e escaseza de alimentos e medicinas (BBC, 2018). A Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación sinalou que 3,7 millóns de persoas en Venezuela están desnutridas (FAO, 2018). A desnutrición, a inseguridade alimentaria e a falta de vacinas están provocando un aumento das enfermidades e mortes. Venezuela é o único país da rexión onde a mortalidade infantil está a aumentar, volvendo a niveis dos anos 90 (Human Rights Watch, 2019).

Ao que tamén debemos engadir unha seria limitación de dereitos civís, por exemplo: restricións a liberdade de prensa ou o emprego de forza excesiva durante as manifestacións antigobernalmentais, xunto con detencións arbitrarias, torturas e malos tratos. Este dramático escenario levou á Oficina do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos a afirmar que o goberno venezolano comete graves violacións dos dereitos económicos, sociais, civís, políticos e culturais (OHCHR, 2020). E á comunidade internacional a emprender un debate a propósito da posible aplicación do principio de Responsabilidade de Protexer (RdP) en Venezuela.

O principio de RdP foi aprobado por unanimidade durante o Cumio Mundial de Nacións Unidas celebrado no 2005. A través deste acordo, os gobernos aceptan o principio da responsabilidade internacional de protexer ás poboacións de xenocidio, dos crimes de guerra, da depuración étnica e dos crimes de lesa humanidade. A máis, comprometéronse a tomar as medidas que fosen necesarias dun xeito oportuno e decisivo para tal fin, sempre a través do Consello de Seguridade, e cando os medios pacíficos demostrasen ser inadecuados e as autoridades nacionais non o estivesen a facer dun xeito manifesto (UN, 2005). Sen embargo, a RdP é controvertida debido a que suxire unha redefinición do concepto de soberanía. Favorece a responsabilidade de protexer aos cidadáns e a defensa dos seus dereitos fundamentais sobre o control total e a autoridade sobre estes cidadáns, e a non inxerencia sobre os asuntos internos dos Estados (Gómez Isa, F.: 2014).

Non existe un consenso internacional sobre a necesidade de implementar a RdP. O debate continúa entre os que o entenden coma un avance na protección dos dereitos da poboación civil e os que o entenden coma un desafío á súa soberanía, unha vía de inxerencia nos asuntos internos dos países. Pero aínda entre os Estados do mundo que apoian o desenvolvemento do concepto de RdP, cando se refire a Venezuela, existen divisións sobre a súa aplicación. Mentres que algunhas voces manifestan que non sería aplicable debido a que o caso de Venezuela non entra dentro dos catro crimes específicos sobre os que a RdP aplica (enriba mencionados). Sen embargo, xa existe un debate na academia arredor da posibilidade de incluír dentro dos supostos da RdP os casos onde os civís precisan de especial protección: refuxiados de conflito (Martin, 2010; Panebianco and Fontana, 2018) ou crisis iner-estatais, ex. Gaza (Gözen Ercan, 2015).

A Unión Europea está a seguir moi de preto a situación en Venezuela. Os Estados membros acordaron a imposición de sancións ao réxime de Chávez - Maduro, o que demostra a súa crítica á situación neste país e o seu compromiso por atopar unha saída democrática ao conflito. Particularmente, o Parlamento Europeo está a exercer unha forte presión sobre o réxime de Maduro. En 2017 outorgou o Premio Sajarov pola liberdade de conciencia á oposición venezolana e, en xaneiro de 2019, foi a primeira institución da Unión Europea en recoñecer a Guaidó como Presidente lexítimo de Venezuela. A máis, o Parlamento Europeo é un dos maiores defensores no marco Unión Europea da RdP e traballa para que este sexa un dos principios reitores da súa política exterior (Stavridis, 2016; Menéndez del Valle, 2018). O obxectivo do Parlamento Europeo é que a RdP sexa unha norma de dereito internacional. Cabe destacar a resolución que neste senso aprobou en 2013 co fin de acadar un consenso sobre esta materia.

Expertos sobre o tema destacan que a clave para unha posible aplicación deste principio en Venezuela sería que o Consello de Seguridade de Nacións Unidas autorizase unha Comisión de Investigación que determine se efectivamente se están a cometer crimes de lesa humanidade (Gallagher, A.: 2019). En setembro de 2020, a Oficina do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos de Nacións Unidas presentou os resultados dunha investigación independente sobre Venezuela na que a Presidenta da mesma, Marta Valiñas, destacou que atoparon motivos razoables para crer que as autoridades e forzas de seguridade venezolanas planificaron e executaron graves violacións dos dereitos humanos dende 2014, algunhas das que - incluíndo asasinatos arbitrarios e o uso sistemático da tortura - equivalen a crimes contra a humanidade (OHCHR, 2020). Sen embargo, a posta en marcha da RdP esixiría a unanimidade por parte do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, e Rusia e China, membros permanentes do Consello de Seguridade con dereito de veto e aliados de Maduro, espérase, vetarían esta resolución. O debate continúa.

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Dos kiwis aos All Blacks

Emilio Manuel Martínez Rivas

Licenciado en Ciencias Económicas e experto en cooperación
internacional ao desenvolvemento

Non será difícil que nunha boa parte dos froiteiros dos fogares galegos haxa un kiwi, verde ou amarelo, que teña pegado na tona unha pequena etiqueta: “Zespri. New Zealand”. Moitos de nós coñecemos que boa parte dos kiwis, arredor do 25 por cento mundial, son producidos nese pequeno país tan lonxe de nós. Saíndo de Santiago de Compostela a primeira hora da tarde do venres aterrariamos en Wellington o domingo, xusto para tomar o té das cinco, só en parte debido ás 12 horas de diferenza horaria. Menos saberemos que Zespri é unha cooperativa, creada en 1997, que agrupa a máis de 3.000 agricultores neocelandeses. Zespri ofrece asistencia técnica aos seus socios e comercializa a súa produción arredor do mundo. A cooperativa leva a cabo ambiciosos proxectos de investigación e innovación co obxectivo de ampliar a súa cota de mercado mundial, sobre todo no sector premium. Esta política de I+D lévana a cabo coa colaboración de centros de investigación públicos, como é o Plant & Food Research co que desenvolveron unha nova variedade que en pouco tempo chegará a Europa, o Red Kiwi. O obxectivo económico de Zespri é superar, en 2025, os 3.000 millóns de euros en vendas a nivel global.

Nova Zelandia é unha potencia mundial no sector agrario apesares do seu pequeno tamaño, uns 250 mil quilómetros cadrados e que unha boa parte desa extensión ten carácter montañoso e mesmo goza dun alto nivel de protección ambiental, sobre todo na Illa Sur. O país conta, é verdade, cunhas condicións idóneas para a produción agraria e gandeira, un clima atlántico en boa parte do territorio e unha baixa densidade de poboación: non chega aos 5 millóns de habitantes, pero a esas condicións positivas, que serían comúns a outros países, engádeselle o arraigo das cooperativas e a forte alianza, formal e informal, entre o sector privado e o sector público, do que os programas de I+D+I promovidos dende distintos ministerios son un exemplo, pero non o único.

A maior “empresa” do país é unha cooperativa: Fonterra, que agrupa a máis de 10.000 gandeiros, vacún de leite, que producen 16 mil millóns de litros anualmente, o 95 por cento destinado á exportación. Nova Zelandia é a orixe do 30 por cento das exportacións mundiais de leite. Os produtores de carne, de vacún e cordeiro, están agrupados en Beef + Lamb New Zealand Ltd.

Nova Zelandia é un exemplo para calquera persoa interesada na produción primaria, e así, xa nos anos 70 houbo galegos que ata alí foron a estudar e facer o seu doutoramento en temas como a produción de pastos. Algún deles traballan ou traballaron ata a súa xubilación no Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo ou na Universidade de Santiago de Compostela.

O exemplo que Nova Zelandia da ao mundo non remata na agricultura e na gandaría. Nos meses pasados miramos con asombro, e con envexa, como ese pequeno país remangábase colectivamente para facerlle fronte á pandemia do Covid-19 e era quen de limitar as mortes causadas polo virus a cifras sorprendentes, 25 falecidos, ata mediados de outubro. Apenas 5 por cada millón de habitantes... Estas cifras non son o resultado dunha fórmula máxica, nin froito dalgunha casualidade xenética... son froito dunha serie de características sociais, políticas, educativas e culturais que fan da sociedade kiwi, como eles mesmos se denominan, unha sociedade capaz de responder aos retos colectivos como poucas.

Nos Informes sobre Desenvolvemento Humano que o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento publica anualmente podemos atopar algúns datos que nos permiten facernos unha idea das diferenzas da sociedade neocelandesa respecto a outras, por exemplo, como a española. Nova Zelandia ocupa o lugar 16 no Índice de Desenvolvemento Humano, xusto entre Finlandia e Bélxica, España está no posto 26, entre Eslovenia e a República Checa. O gasto público en educación é do 6,3 por cento do PIB fronte a un 4,3 por cento en España. En Nova Zelandia, arredor do 99 por cento da poboación conta con algún tipo de educación secundaria, un dato que en España cae ata o 75 por cento (20 puntos menos que por exemplo en Alemaña, por ter tamén unha referencia europea). O nivel de satisfacción da poboación co seu nivel de vida é bastante alto, un 88 por cento da poboación declara estar satisfeita co mesmo fronte a un 71 por cento en España.

Por non ocultar nada, non todos os datos son positivos para Nova Zelandia nesta breve comparación: no país oceánico, a morte de nais no parto por cada 100.000 nados vivos dobra á cifra española: 11 fronte a 5, e a taxa de natalidade entre adolescentes, medida en nacementos por cada 1.000 mulleres de entre 15 e 19 anos, é de 20 fronte a 8,6 en España. Estes datos en parte teñen a súa orixe na situación de marxinalidade na que vive unha boa parte da poboación de orixe maorí e que supón arredor do 16 por cento do total. Superan tamén, e con moito, o número de suicidios na media dos países máis ricos do norte de Europa, que case triplican as cifras españolas.

Nova Zelandia é un país habituado ao pacto político. Dende 1993, cando se modificou o sistema electoral, pasando dun sistema maioritario por circunscricións uninominais a un sistema mixto, e ampliouse o número de deputados ata os 120 actuais, ningún partido ten acadado a maioría absoluta, sendo necesaria a conformación de coalicións de goberno ou o apoio parlamentario dalgún dos partidos menores a un dos dous maioritarios, o Partido Nacional, conservador, ou o Partido Laborista, de corte socialdemócrata.

As lexislaturas neocelandesas son curtas para os parámetros europeos, de tres anos. Entre 2005 e 2017 gobernou o Partido Nacional e en 2017 foi tamén o partido máis votado, moi perto da maioría absoluta, 58 escaños, moi por riba dos laboristas, que con todo melloraran moito os seus resultados ao subir 14 escaños da man da innovadora Jacinda Ardern, a actual presidenta, que insuflou ánimo nunhas amoucadas filas laboristas e soubo utilizar as redes sociais maxistralmente para achegarse á poboación máis nova, que se ilusionou cunha candidata próxima e cun programa electoral que prometía solucións aos problemas reais da cidadanía: a carestía da vivenda, o alto custo das taxas universitarias, a falta de profesorado en diversos niveis de ensino ou as deficiencias do sistema público de saúde. Prometía tamén promover políticas para paliar o cambio climático, ao que o país é moi sensible.

Que Jacinda Ardern acadara a presidencia foi algo inesperado. O Partido Nacional non conseguiu sumar á súa case maioría absoluta os votos, que case se daban por descontados, de New Zealand First, un partido que fai do control da inmigración (case un terzo da poboación do país) o seu sinal de identidade. New Zealand First preferiu optar por facilitar a alternancia, logo de catro lexislaturas conservadoras. Aínda que para un europeo o nome do partido leve a pensar en extrema dereita, isto non é certo no caso neocelandés.

Democraticamente, o Partido Laborista, segunda forza do Parlamento, fíxose co goberno. Non houbo cualificativos de “golpe de Estado” ou de “roubo”. A democracia ten as súas regras e son para respectar. Os políticos neocelandeses, os primeiros en facelo: dun e doutro signo político...

Jacinda Ardern fai un uso intenso das redes sociais, pero nunca verás nas redes as acusacións grosas e groseiras que son tan comúns nos nosos lares. Lerás e escoitarás argumentos, darás con discursos vehementes, pero non descualificacións caprichosas. A sociedade neocelandesa non o permitiría: a fin de contas, os kiwis son esa xente que cando os All Blacks (sen dúbida, a “institución” máis respectada do país”) perden nas semifinais do último mundial contra Inglaterra, acércanse aos ingleses da mesa do lado e felicítaos polo bo xogo dos seus paisanos. ■



**O Mundo
en Galego**

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

A pandemia e Trump apuntalan o imparable ascenso da China

Xavier García

Director da oficina da Axencia Efe en Beijing, China

A finais do pasado xaneiro, cando China pechaba a cal e canto unha cidade de 11 millóns de almas e os hospitais de Wuhan non daban abasto para atender os enfermos con graves carencias de material sanitario, ninguén tivera pensado que apenas uns meses despois o resto do mundo estaría moito peor e o xigante asiático converteríase no exemplo do que había que facer e da recuperación económica pospandemia.

No segundo trimestre do ano, a economía chinesa conseguiu volver á senda de crecemento, cun 3,2 por cento, ó tempo que a dos EUA caía un 9,5 por cento, a da zona euro un 12,1 por cento, a de Xapón un 7,8 por cento e no Reino Unido o trompazo chegaba ó 20,4 por cento.

Os últimos datos de produción industrial de setembro confirman que o motor económico chinés continúa acelerando e converterá o país no único do mundo que remate o ano mellor do que estaba antes da Covid-19, con perto de un 3 por cento de incremento do PIB. O resto das grandes economías do planeta precisarán probablemente até 2022 para regresar ó camiño do crecemento.

Nos peores momentos da pandemia, China abasteceu o mundo de material sanitario pero tamén de infinidade de produtos industriais mentres o resto de economías se confinaban e as súas exportacións conseguiron novas cotas de mercado global.

A política de “paos nas rodas” de Trump pode volverse contra el

E no outro lado do océano, os Estados Unidos de Donald Trump redobraron a estratexia de inserir pedriñas na engrenaxe do desenvolvemento chinés en múltiples fronteiras: botarlle a culpa do virus, atacar sen cesar ós seus xigantes tecnolóxicos, abrir novas liortas comerciais, encerrar os avespeiros de Taiwán e Hong Kong ou promover controvertidos informes sobre dereitos humanos en rexións como a uigur de Xinjiang.

Dende a súa chegada ó poder, a errática política internacional de Trump e o seu afán proteccionista deixáronlle campo aberto a China para promover o multilateralismo e incrementar a súa influencia no mundo.

Agora, entre os estertores do virus, os problemas raciais e outros rompedeiros de cabeza internos, o inquilino da Casa Branca focaliza a mellora das súas febles expectativas electorais no inimigo exterior asiático.

As tecnolóxicas chinesas están a encaixar golpes de verdadeiro alcance, sobre todo Huawei -o mascarón de proa da innovación no país-, o último deles a prohibición de Washington ós fabricantes de chips de todo o mundo de vender á empresa chinesa se empregan tecnoloxía estadounidense.

A encarnizada guerra tecnolóxica obriga ás compañías chinesas a reforzar a autonomía da súas cadeas de subministros para acadar a independencia da tecnoloxía allea. Pero é un proceso aínda moi incipiente que levará anos. China non contaba con un desacoplamento tecnolóxico desta magnitude e non estaba preparada.

Sen embargo, algúns dos disparos dos EUA, como as recentes arremetidas contra Bytedance -matriz de TikTok- e Tencent -propietaria de WeChat (o omnipresente WhatsApp chinés) poderían converterse en armas de dobre fío que se tornen contra dos intereses de Washington.

Se os EUA rematan por prohibir a descarga de WeChat, compañías norteamericanas como Apple poderían perder decenas de millóns de compradores de Iphone no xigante asiático, xa que a aplicación de Tencent é imprescindible para calquera persoa que viva na China.

O clave papel de Europa

A posición que adopte Europa perante a guerra fría a que os EUA pretenden levar a China semella clave para a evolución e o desenlace do conflito.

Unha recente sondaxe da empresa Metroscopia sinalaba que máis da metade dos españois (56 por cento) consideran que China é xa a primeira potencia mundial por diante dos Estados Unidos (36 por cento).

Un 38 por cento defendía que España dea prioridade á relación económica coa China fronte a igual porcentaxe que se decantaba por poñer por diante aos Estados Unidos.

En países como Italia, ese sentimento é aínda máis acusado. Unha enquisa da firma SWG no peor momento da pandemia en abril, publicada por varios medios italianos, asegurou que o 52 por cento consideraba a China como o principal país amigo por diante de Rusia (32 por cento) e os EUA, con tan só un 17 por cento.

China volcouse con Italia, un dos poucos países de Europa occidental -xunto con Portugal e todos os do leste- que asinou o memorando de participación da iniciativa das Novas Rutas da Seda, o megaprojecto global chinés de multimillonarios investimentos e infraestruturas.

A Italia chegaron tamén médicos de Wuhan para axudar a combater na pandemia na rexión de Lombardía, a máis afectada.

As presións da administración Trump a Europa en múltiples fronteiras para que se sume á loita contra a China inclúen xa directamente a ameaza, como as do embaixador dos EUA en Portugal, George Glass, que advertiu de “consecuencias” para Lisboa se recorre ás redes 5G de Huawei.

Tamén a España se lle advertiu de que os EUA non compartirán información dos seus servizos de intelixencia con ningún país que empregue calquera compoñente de Huawei ou da tamén chinesa ZTE nas súas telecomunicacións.

Coa súa proverbial ambigüidade e dificultade para agallar unha política exterior común, Europa aproveitouse da apertura da China ó comercio internacional nos últimos 40 anos ao abeiro das relacións mais ou menos estables entre Beijing e Washington. Pero agora que a corda se tensa cada vez máis -a medida que os EUA perden influencia no mundo e China a gana- Europa verase obrigada a definirse ou cando menos a tentar manter una posición de equilibrio ante as dúas superpotencias, unha en declive e outra en ascenso.

Un crecemento sen parangón no que as desigualdades medran

O desenvolvemento da China nas últimas décadas non ten parangón no mundo, como tampouco o ten a saída da pobreza de centos de millóns de persoas ou os vertixinosos avances tecnolóxicos que vive o país máis poboado do planeta.

Dende que Deng Xiaoping impulsou a política de apertura e reformas económicas en 1979, a economía chinesa pasou de representar o 1,5 por cento ó 15,4 por cento da economía mundial, o país sacou da pobreza a 800 millóns de persoas e o PIB per cápita multiplicouse case por 65.

Pero no país con cen millóns de ricos -dende 2019 máis que nos EUA- o crecemento non foi igual para todos. As desigualdades veñen crescendo dende 2015, segundo indicadores como o índice de desenvolvemento humano de Gini, que leva catro anos descendendo despois ter subido dende 2008.

China tiña o obxectivo de sacar da pobreza este ano a outros 30 millóns, co que lograría que todos os seus habitantes estivesen por riba dos 1,2 dólares diarios de ingresos, que é o baremo que emprega Beijing dende 2011, fronte o de outras institucións como o Banco Mundial que fixan o limiar da pobreza absoluta en 1,9 dólares. Sen embargo, as dificultades asociadas a pandemia poderían poñer en perigo a consecución dese obxectivo. ■

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

Xi Jinping na historia chinesa

Xulio Ríos

Presidente de Honra do IGADI

A chinesa é a única das grandes civilizacións antigas que logrou sobrevivir ao paso do tempo. Esa circunstancia devén nun singular peso do feito histórico no imaxinario colectivo da súa sociedade e na propia acción política dos seus gobernantes en cada conxuntura, ás veces en forma de traxedia e outras aguilloando o orgullo. Esa dimensión dos séculos transcorridos e a propia singularidade civilizatoria confírenlle un plus á súa gobernanza que dende outras latitudes, en ocasións non chegamos a calibrar en toda a súa dimensión. Acostumados como estamos a horizontes temporais marcados polas confrontacións electorais, é imposible ver mais aló e cando tentamos facelo a modo prospectivo, as reflexións acostuman acabar no caixón. Isto contrasta co sentido da perspectiva e a planificación que observamos na China: que se 10 anos para duplicar o valor do PIB, que se 50 anos para manter incólume o modo de vida de Hong Kong, que se cen anos para construír unha sociedade do benestar...

O actual líder chinés, Xi Jinping, e a desconcertante propaganda que o eleva sobre o común dos mortais, gusta moito de botar man da historia nos seus discursos. Antigamente, con cada dinastía, o tempo era obxecto de reseteo, co marcador posto a cero. Con Xi, polo momento, non é tanto. A dinastía do PCCh, iniciada en 1949, non é subxectiva, senón orgánica. Pero nese empeño, o xiísmo emerxe como unha “nova era” nese tránsito, seica o definitivo para culminar o longo proceso de modernización do país. Xi trouxo a primeiro plano xa non a fortaleza do confucianismo –que iniciara o seu antecesor Hu Jintao- senón do lexismo, aquela corrente filosófico-política que propiciou a formación da China polo emperador Qin Shi Huang, teimosamente anticonfuciano, como Mao, fundador, por certo, da Nova China. Cando Xi Jinping exhibe un compromiso co Estado de dereito está a pensar en clave Qin, non en clave liberal. E iso é tan só unha mostra do que dicimos, a reafirmación do criterio da longa proxección da historia local na gobernanza chinesa de hoxe.

Durante séculos, China foi o centro do mundo, o país, con diferenza, máis poderoso e avanzado. Da derradeira viaxe de Zheng He, en 1433, ata o século XVIII en diante, e sobre todo no XIX, as cousas mudaron e a historia pasoulle factura cun Occidente á cabeza da revolución industrial. O actual sinocentrismo do liderado chinés, sustentado primeiramente no poder comercial da segunda economía do mundo, presenta unha diferenza de calado con aquel pasado hermético: a apertura ao exterior, que foi símbolo principal da reforma iniciada trala morte de Mao da man de Deng Xiaoping, non ten volta atrás. Por iso, este é un sinocentrismo dependente. Éo aínda que hoxe o patrón de desenvolvemento da economía chinesa avogue pola “circulación dual”, é dicir, por rebaixar a importancia do comercio exterior como factor de crecemento fronte á dimensión á alza do consumo interno. E aprendendo do pasa-

do, súbese ao poleiro da revolución tecnolóxica, a sabendas de que aí residirá finalmente a súa capacidade para despregar de forma natural as tantas potencialidades que ten. Non obstante, un detalle debe ser resaltado: durante séculos, Occidente obrou a súa capitalización mercé a unha longa ringleira de guerras e sometementos crueis de países terceiros; pola contra, a China labrou este seu novo porvir a través dun proceso no que o principal sacrificio residiu nas súas propias xentes, sen botar man de guerras e exportando mesmo beneficios para terceiros.

A axenda que debe afrontar Xi Jinping, á fronte dos destinos da China dende 2012, traduce a envergadura histórica do momento en detalles de groso calibre. É moito o que está en xogo; en definitiva, a capacidade para se converter nun actor histórico central nunha sociedade mundial altamente interdependente e interconectada. O seu proxecto de revitalización das Rutas da Seda exemplifica ese regreso actualizado da historia pero erramos se niso albiscamos un afán dominador, á semellanza do exercido por Occidente nos últimos tempos, en boa medida coa combinación activa do poder militar. Non hai por que descrer da afirmación anti-hexamónica tradicional dos comunistas chineses como tampouco da renuncia a un mesianismo exportador do seu modelo. China ten bastante co que enredar no propio país por moitas décadas. Detrás dos números absolutos que tanto nos asombran, hai unha letra pequena que esixirá aínda esforzos inmensos para gañar en cohesión e xustiza, bases da estabilidade. O que a China lle interesa é abrir e desenvolver mercados, non bases militares nin cargar coas facturas de países que deben atopar o seu propio camiño para acadar o progreso. A súa proposta ao mundo exterior asenta na instrumentación de políticas favorecedoras da conectividade e o desenvolvemento.

En realidade, o que está no cerne do proxecto histórico que representa Xi Jinping é a capacidade última para exercer a súa soberanía en todos aspectos, desenvolvendo un proxecto autónomo que libere as capacidades do país. Non hai receita universal para lograr o desenvolvemento, o benestar, sociedades máis xustas e libres. Debiamos telo presente cando alguén suxire que a emerxencia da China representa unha ameaza. Sen dúbida, pode selo pero para aqueles que sosteñen a inmutabilidade desa hexemonía imperial asentada no dogma universal dos seus valores. Tal parecer ten os días contados. O futuro é a multipolaridade e tamén a diversidade, igualmente no eido dos modelos de desenvolvemento.

O fracaso ou o éxito de Xi Jinping estará en función, sobre todo, da súa capacidade para preservar a cohesión ideolóxica e do liderado político, a lexitimidade do proxecto que representa o Partido Comunista, a estabilidade social, a flexibilidade para asegurar respostas rápidas e eficaces a unha situación en permanente cambio, tanto no económico como no xeopolítico. A vixente cultura política de obediencia aduladora que afundiou o liderado colectivo para consolidar un poder que contrasta a súa arrogancia cunha retórica abondosa en lances positivos, non deixa de preocupar. E será a historia quen se encargará de poñer cada cousa no seu lugar. Tamén a China. E ao propio Xi.

O Mundo en Galego

COMPRENDER O GLOBAL
DENDE AQUÍ

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI